

AVOGACÍA COMPOSTELÁ

n.º 8 Maio 2010
Exemplar Gratuito



Ilustre Colexio de Avogados
de Santiago de Compostela

José Luis Seoane
Spiegelberg
Medalla de ouro
do ICA Santiago 2009



Novas Avogacía

Carmen Gurruchaga:
"A avogacía é a única
que se salva na Xustiza
en España"

Opinan de nós



Emilio Santasmarinas
Raposo



María Elena
Fernández Currás

Colaboración

Un ano de mediación
intraxudicial
Alternativas á ausencia de
proba do Dereito estranxeiro a
través dos casos de sucesión
internacional

Entrevistas



José Luis Seoane
Spiegelberg



José Ángel
Docobo

San Raimundo de Peñafort 2010





Avogacía Compostelá

Dirección

Evaristo Nogueira Pol



Secretaría técnica

Manuel Arza Galán
Telf.: 981 581 713
st.gerente@icasantiago.org



Asesoramento lingüístico

Martín Ramos Insua



Consello de redacción

Timoteo Gutiérrez Valerio



M.^a Luisa Pasín Mato



Patricia López Arnoso



Javier Sánchez-Agustino



Noemí Peteiro Pereda



Paulo López Porto



José R. Oulego Erroz



M.^a del Mar Vivero Vizoso



Javier Constenla Vega



Manuel F. Martín García



Índice

Editorial	4
Novas Avogacía	5
Entrevista	
José Luis Seoane Spiegelberg.....	7
José Ángel Docobo	12
Colaboración	
Un ano de mediación intraxudicial	18
Dezaseis argumentos de defensa en materia de delitos contra a seguranza viaria	20
Alternativas á ausencia de proba do Dereito estranxeiro a través de casos de sucesión internacional	24
Vida Colexial	26
Ao pé da letra	33
Biblioteca	36
Opinan de Nós	37

O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela non se fai responsable das opinións expresadas polos seus colaboradores.

Co patrocinio de



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Depósito Legal: C-3778-2007 | Deseño e Maquetación: Vórtice, S.L.



Evaristo Nogueira Pol
Decano do Ilustre Colexio
de Avogados de Santiago

Estimados compañeiros/as:

Sae á luz un novo número da revista colexial grazas ao esforzo impagable dos compañeiros do consello de redacción. No seu contido teredes a oportunidade de ler as seccións habituais, dende entrevistas ata artigos xurídicos de sumo interese. Reitérovos que a revista está ao voso servizo, polo que calquera suxestión, artigo ou comentario que desexedes realizar, non dubidedes en facelo chegar ás oficinas do Colexio.

Noutra orde de cousas, quero comentarvos que estamos actualmente en pleno debate no Consello Xeral da Avogacía sobre o contido do novo Estatuto da Avogacía, que tería que estar concluído neste ano, para despois pasar a informe do Consello de Estado, Ministerio de Xustiza e a aprobación posterior por parte do Consello de Ministros. A necesidade deste novo estatuto é consecuencia dos cambios lexislativos dos últimos tempos, así como da conveniencia de adecuar as nosas normas á realidade actual da profesión. No borrador do texto introdúcense conceptos que no actual estatuto non están previstos e que resultarán de interese para todos nós. Como simple exemplo, podo dicirvos que regula os atrasos nas vistas, que tanta incomodidade nos causa no día a día.

Tamén no noso Consello Xeral existe suma preocupación pola problemática das escoitas telefónicas aos avogados. Na miña opinión, estamos ante un tema co que debemos ser especialmente críticos de cara a preservar o dereito constitucional de defensa, plasmado no artigo 24 da CE, caracterizado entre outros extremos, pola asistencia letrada á persoa detida ou que, sen estar nesta condición, se lle imputa un feito delituoso. Por iso, o cidadán ten dereito a entrevistarse co seu avogado, mesmo os privados en liberdade, e, en consecuencia, os centros penitenciarios deben ter as dependencias habilitadas para tal fin, sen que de ningún modo poidan existir inxerencias. A comunicación letrado-cliente debe ser secreta, sen que poida utilizarse ningún sistema de intervención ou gravación, e todo isto amparado polo propio artigo 24 da CE, así como o 18.3 do mesmo texto, os artigos 263 e 416 da Lei de axuizamento criminal e o 51 da Lei orgánica xeral penitenciaria. A vulneración do principio de confidencialidade entre avogado e cliente vulnera tamén, e de forma grave, o Estado de dereito. Fálase nestes días da necesidade dunha lei que regule de forma máis concreta este asunto. Quizais sexa positiva a idea, pero sempre que esa nova regulación considere o principio a que me refería, isto é, o segredo de comunicación entre o cidadán e todos nós cando estamos a exercer o dereito de defensa.

Mentres escribo estas liñas, acabamos de coñecer que o actual xuíz decano deixa o seu cargo. Dende este foro gustárame agradecerlle a boa relación e sintonía que sempre tivo co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, así como cos letrados desta cidade, á vez que lle desexamos os maiores éxitos persoais e profesionais no futuro.

Por ultimo, tamén quero transmitirvos que esteades pendentes da información que recibades do Colexio en relación co curso que se vai impartir sobre a reforma procesual que entra en vigor neste mes de maio.

Nada máis que desexarvos que a revista sexa do voso agrado.

Un saúdo.



Novas de interese Novas de interese

Carmen Gurruchaga: "A avogacía é a única que se salva na Xustiza en España"

O presidente do CXAE, Carlos Carnicer, gabou o traballo realizado pola xornalista Carmen Gurruchaga coa súa primeira novela, *La prueba*, gañadora do I Premio Avogados de Novela que organizan o Consello Xeral da Avogacía Española, a Mutualidade da Avogacía e MR Ediciones, durante a presentación da obra no Palacio de Parcent en Madrid.

Carnicer sinalou que a novela "ofrece unha visión moi actual da avogacía". Ademais, destacou como ao longo das páxinas *La prueba* mostra "numerosos servizos xurídicos sociais que se puxeron en marcha da man de compañeiros e compañeiras avogados sensibilizados cando o dereito aínda non chegara a iso". Para o presidente do CXAE, "os personaxes representan a boa avogacía, os avogados novos, que se farán mellores e estarán máis formados grazas á Lei de acceso, e en cuxo desempeño hai un claro afán por aprender e prestar un servizo con honestidade".

Nas súas palabras, Carlos Carnicer tamén apuntou que a avogacía e a sociedade "botaba en falta unha literatura de referencia en España sobre a avogacía e Carmen Gurruchaga fíxoo dun xeito extraordinario", resaltou. Neste mesmo sentido pronunciouse o

presidente da Mutualidade, Luis de Angulo, para quen "existía unha lagoa no panorama literario español sobre avogados, e agora o lector español non terá que acudir a escritores estranxeiros como Grisham para logralo".

Angulo, mostrou o seu acordo con Carnicer no discurso, destacando como a través da novela gañadora do I Premio Avogados de Novela, "os lectores coñecerán mellor como son, que senten e como viven os avogados españois". "Ser avogado non é aburrido", dixo, e matizou afirmando o seu desexo de que os personaxes de *La Prueba* "se incorporen ao elenco de personaxes de ficción".

A autora do libro, Carmen Gurruchaga, relatou durante a súa intervención as dificultades atopadas á hora de crear, "foi un traballo arduo" e destacou a importancia da función social e pública da avogacía. "Sempre fun moi crítica co Poder Xudicial, e a avogacía é o estamento que se salva, pois eles cren na defensa pública, no beneficio social". "Miles de avogados teñen o seu despacho e aínda que teñen casos privados e poderían vivir diso sen problema, non renuncian á quenda de oficio por principios, por valores", afirmou a xornalista vasca, que con esta obra deu o salto á novela.

Mutualidade

A Mutualidade da Avogacía amplía co plan júnior as súas propostas de aforro e protección para a xente máis nova

Co fin de unificar o aforro familiar nunha soa entidade que lle achegue garantías de rendibilidade e seguranza aos seus investimentos, a Mutualidade da Avogacía deseñou un novo produto dirixido a cubrir as necesidades dos máis novos da familia, dende o mesmo momento do seu nacemento.

Esta nova oferta presenta a posibilidade non só de axudarlles a impulsar e potenciar o seu desenvolvemento persoal e profesional mediante o aforro, senón tamén a protexelos ante a posible ausencia ou incapacidade dos seus pais, para o que percibirán uns ingresos económicos se estas circunstancias se chegasen a producir.

Neste plan poderanse contratar de forma independente, ou simultánea, as coberturas de aforro e de falecemento e incapacidade permanente. Os seus protagonistas serán o menor ou mutualista júnior e o seu protector ou mutualista sénior.

Polo tanto, o plan júnior é a combinación de dous seguros: un seguro de vida-aforro, que se denomina “cobertura de aforro”, e un seguro de vida-risco ou un seguro de accidentes, que constitúe a “cobertura de risco”.

As vantaxes máis importantes do plan son a rendibilidade, a flexibilidade para o deseño máis conveniente en cada caso, a súa competitividade no mercado, as amplas prestacións e a transparencia na xestión.

En canto á rendibilidade, o plan garante un beneficio mínimo durante toda a súa existencia, incrementado cada ano ata o 90% da rendibilidade obtida pola Mutualidade, igual á do plan

universal. A rendibilidade neta aboada aos mutualistas en media foi nos últimos catro anos do 5,93% anual.

A súa flexibilidade permítelles ás persoas adultas, responsables dos máis novos da familia, poderlles deseñar un “plan á medida”, dependendo da idade, das súas necesidades, da súa situación familiar, etc., para contratar as coberturas de aforro e de seguro de forma independente ou simultánea.

As prestacións que ofrece o plan son moi amplas ao dispoñer de garantías que cobren tanto as necesidades de aforro como as de previsión.

As primas para as coberturas de risco son das máis económicas do mercado, ao non teren comisións e uns gastos moi reducidos de só 0,50%.

Por último, a transparencia será outra das calidades deste plan, ao posibilitarlle ao mutualista o acceso continuo á información referente a este produto e á súa evolución a través dos informes trimestrais que se poderán consultar na web corporativa ou por teléfono no servizo de atención ao mutualista.

Co lanzamento deste novo produto, a Mutualidade dá un paso máis no seu empeño por atender todas as necesidades dos seus mutualistas.





Presidente da Audiencia Provincial da Coruña, membro da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, Cruz de Honra de San Raimundo de Peñafort, Medalla de Ouro do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, profesor, ensaísta e, sobre todo, unha persoa afable que atendeu o requerimento de AVOGACÍA COMPOSTELÁ para ilustrarnos sobre o seu modo de ver a vida e a xustiza.

José Luis Seoane Spiegelberg

Acaba de ser galardoado coa medalla de ouro do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, polo que reiteramos a nosa en hora boa, pero, cal é o segredo para que un coruñés -dito sexa sen acritude- teña tan boa consideración entre a avogacía compostelá?

Moitas grazas, pero non o sei. Unicamente podo expresar o meu agradecemento ao Colexio de Avogados de Santiago, que sempre me tratou moi ben, e aos seus letrados e letradas polo moito que aprendo deles. Recibín con gran satisfacción a medalla de ouro que me concedestes. Cando un quere e é correspondido no afecto, non pode haber maior satisfacción.

Estudou na universidade compostelá. Que recordos garda daquela época?

A verdade é que foron cinco anos inesquecibles, sen dúbida dos mellores da miña vida. A eles referínme nas palabras que pronunciei cando me impuxeron a medalla de ouro do colexio de avogados. Santiago na miña época era a única universidade da nosa comunidade autónoma na que nos reuniamos todos os estudantes de Galicia; trababamos novas amizades que o transcurso do tempo, lonxe de distancialas, consolidou. Mesmo un grupo de compañeiros seguímonos reunindo para compartir comidas periódicas en diversos puntos de Galicia. Por outro lado, experimentabamos esa sensación de liberdade e madurez, que para a maioría de nós supoñía vivir por primeira vez fóra da casa. Alí, en Santiago, coñecín unha ourensá, estudante de químicas, que dende entón é a miña muller.

Vostede é un dos xuristas de máis recoñecido prestixio de Galicia e mesmo atrevémonos a dicir que do Estado, pero, cales foron ás motivacións que o levaron á carreira xudicial?

Moitas grazas de novo polo piropo pero, con toda sinceridade, iso non é así, cando un se introduce no mundo do dereito vese superado co que non sabe. Volvendo á súa pregunta, a verdade é que pensaba estudar medicina, sempre tiveron unha enorme vocación por esa profesión. Na casa tiña diverso instrumental médico inservible, dun tío de meu pai, co que xogaba de neno. Ao chegar a quinto de bacharelato tiña que optar entre ciencias ou letras, estaba bastante desorientado; fixen un test que me deu maior predisposición para

as letras. Curseinas, pero coa intención de seguir coa carreira de medicina. Ao rematar o COU, modificaron o plan de estudos, introduciron en primeiro curso biofísica, bioquímica e estatística, asusteime e cambiei a dereito. A carreira gustoume dende o primeiro momento, e a verdade é que nunca pensei noutra opción que non fose a de tentar ser xuíz. Creo que dirimir os conflitos entre os cidadáns é unha tarefa realmente atractiva e de gran transcendencia social.

E, dentro da súa extensísima traxectoria profesional, que etapa lle produciu maiores satisfaccións?

A verdade é que de todas elas gardo un especial cariño. De Martos, en Jaén, por ser o meu primeiro destino, aínda levo dentro esa sensación de enorme calor que te envolvía cando saías á rúa. De volta a Galicia, destináronme a Cambados, onde tiveron que tramitar importantes procesos de contrabando, pois ao tomar posesión nese xulgado entrou en vigor a lei de 1982 que tipificaba, por primeira vez, tales condutas como delituosas. Ascendín a maxistrado en 1983 e fun destinado á Audiencia Provincial de Álava, onde permanecín moi a gusto uns cinco meses. Recordo que por esas datas na audiencia tiñamos pouco traballo e sobrábame tempo para botarlle unha man á miña muller no coidado dos nenos, que eran moi pequenos. Dende 1984 a 1990 pasei unha das etapas das que gardo maior cariño, que foi a nosa estancia en Gijón, onde trabamos grandes amizades. Atesouro entre os meus papeis un acordo adoptado por unanimidade pola Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Gijón de recoñecemento do labor realizado como maxistrado e xuíz decano da devandita poboación, á que acudimos con frecuencia. Por último, a etapa de definitiva consolidación da miña traxectoria profesional na Audiencia da Coruña, á que cheguei en 1990, hai xa 20 anos, exercendo inicialmente as miñas funcións xurisdiccionais na mesma sala primeira penal, á que acudía cando era estudante de dereito a ver xuízos e escoitar a intervención dos grandes letrados de toda a provincia, nas longas e hoxe botadas de menos vacacións estivais, sala ademais da que tamén foi maxistrado meu avó José, que se xubilou como presidente dunha das dúas salas do civil da audiencia territorial. Quen lle ía dicir daquela a ese estudante que anos despois ía ser un deses xuíces que daquela tanto me impresionaban.

Sabemos tamén que desenvolve unha intensa tarefa docente. Que relación ten coa actividade formativa?

Estudei nun centro de ensino do que eran titulares meu pai, Luis Seoane, meu tío Carlos, Miguel González Garcés e Gumersindo Rey de Castro, refírome ao Colexio Academia Galicia, que durante máis de corenta anos formou xeracións de estudantes que hoxe desempeñan postos relevantes na sociedade galega, mesmo un deles chegou a ocupar o máis alto cargo desta comunidade autónoma. Por tradición paterna, a docencia é algo que, dende sempre, me



atraeu profundamente e que tiveron a sorte de poder satisfacer como profesor asociado de dereito de procesual da Universidade da Coruña e como profesor da área civil da Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Avogados, colaborando igualmente coa Escola de Práctica Xurídica de Santiago e coa súa universidade na impartición de diversos másters. A posibilidade de contribuír á formación de novos xuristas, de poder transmitir os coñecementos e as experiencias adquiridas, ver crecer os alumnos como persoas e profesionais de Dereito, enche a un de satisfacción.

A Audiencia Provincial da Coruña

Por outra banda, leva xa varios anos como presidente da Audiencia Provincial da Coruña. Que destacaría deste tempo?

Cando tomei posesión como presidente, dixeron, e así o penso sinceramente, que os cargos non eran unha distinción para as persoas, senón unha responsabilidade. Intento achegar o meu graño de area para que funcione o mellor posible dentro dunha intensa carga competencial. Logramos adoptar numerosos acordos de unificación de criterios de interpretación das normas para facilitar a seguridade xurídica na resolución das controversias suscitadas. Preocupoume ao revisar as estatísticas a pendencia que estaba a acumular a sección 6ª con sede en Santiago, malia a dedicación dos seus maxistrados, que é indiscutible, por iso logrouse a aprobación de medidas de reforzo que actualmente están a normalizar a súa pendencia, que comeza a adquirir niveis aceptables, que mesmo son mellores xa aos doutras seccións da audiencia.

E como anda a audiencia que preside?

Que retos se lle presentan?

Para un presidente dunha audiencia os seus retos fundamentais son os de prestarlles o mellor servizo posible aos cidadáns, dando unha resposta o máis rápida posible e de calidade aos asuntos que pendan da nosa resolución.



Sabemos que asuntos como o concurso de MARTINSA-FADESA ou o proceso do Prestige están supoñendo unha carga de traballo extra respecto do traballo que manexa a audiencia provincial. Como afectan estas cuestións no funcionamento ordinario do órgano?

Aínda os devanditos macroprocesos non chegaron á audiencia. No caso do concurso MARTINSA-FADESA, polo sistema de apelación diferida establecido pola Lei concursal, non obstante existen moitas protestas efectuadas que poderían provocar unha entrada masiva de recursos de apelación que, se todos eles chegan a formalizarse, serían da orde de 400 que ademais entrarían de golpe. Con respecto ao PRESTIGE, trátase dun proceso penal que conta na actualidade con preto de 300.000 folios e uns sesenta avogados constituídos como parte. Indiscutiblemente haberá que tomar as correspondentes medidas de reforzo para evitar que colapsen o funcionamento da audiencia. Confío en que esteamos á altura de tan importantes retos.

Como operadores do ordenamento xurídico somos coñecedores das limitacións de medios da Administración de Xustiza e, como avogados composteláns, temos que preguntarlle, para cando unha segunda sección da audiencia en Santiago?

A verdade é que todos estaríamos encantados con contar cos suficientes órganos xurisdicionais para que a carga competencial de asuntos fose o máis racional posible, e naturalmente como presidente da audiencia provincial gustárame dispoñer das maiores seccións posibles, pero o problema radica en priorizar a creación de órganos en consideración coas necesidades existentes e co reducido número de órganos que se crean cada ano nesta comunidade autónoma. Hoxe en día a sala do contencioso administrativo de Galicia ten pendentes uns 18.000 recursos contenciosos e a sala do social sobre 9000, e así poderíanse poñer varios exemplos máis.

A situación da Xustiza

Que opina do funcionamento da Administración de Xustiza?

Que defectos atopa e que aspectos considera mellorables?

Creo que o gran problema da Administración de Xustiza é a enorme carga competencial que pesa sobre os órganos xurisdicionais. O sistema legal creceu, como nunca o fixera con tanta intensidade, e aumentou con iso o ámbito de actuación dos tribunais, que han de velar polo seu cumprimento. Xurdiu ao mesmo tempo unha nova cultura xurídica: a da reclamación e defensa dos dereitos. Nas democracias avanzadas, nas que se integra o noso país, consolidouse, o que Friedman denomina "xustiza total". O cidadán quere estar cada vez máis protexido, aínda que para iso se queixe e teña que pagar o tributo da carga, en non poucas ocasións afogante, da multiplicidade de normas que rexen a vida social. Cando se experimenta, ou se cre subxectivamente experimentar, un prexuízo, o ordinario xa non é soportalo, resignarse, senón reclamar ante os tribunais. A demanda de xustiza é cada vez maior, e a ela habemos de responder. Sendo así as cousas como así son, non ofrece ningunha dúbida que a Administración de Xustiza ha de ser un servizo público de primeira necesidade, que ha de contar coa suficiente dotación orzamentaria, non obstante, se temos en conta as porcentaxes que lle son asignadas a esta nos orzamentos xerais do Estado, vemos que iso non é así.

Como valora ás últimas reformas lexislativas respecto da oficina xudicial? Considera que por fin se producirá a tan desexada axilización da xustiza?

A administración da Administración de Xustiza quedou obsoleta, é necesario proceder á súa modernización. Os aspectos nos que haberá que incidir son plurais. Haberá que realizar reformas procesuais, para a mellor xestión do proceso, redución de litixiosidade, potenciación da mediación, restrición dos recursos etc. Unha modernización organizativa, a través dunha definición racional do persoal. Unha modernización tecnolóxica: sinatura electrónica, expediente dixital, actos de comunicación a través do sistema Lexnet. E reforma da oficina xudicial, cuxa estrutura decimonónica é preciso revisar potenciando os servizos comúns.

E respecto das novidades na oficina xudicial, cre que o aumento de competencias na figura do secretario xudicial vai supoñer un menoscabo na actividade xurisdiccional de xuíces e maxistrados, ou podemos considerala como un avance?

O obxectivo primordial das reformas procesuais é regular a distribución de competencias entre xuíces e tribunais, por un lado, e secretarios xudiciais, por outro, atribuíndo a estes últimos a chamada competencia do trámite, potenciando as súas funcións. A exposición de motivos da lei 13/2009 sinala que se lles confire todas aquelas decisións que, sendo indispensables para a función xurisdiccional, son colaterais a esta. Conciliar o colateral co indispensable non é

tarrafa doada, como tampouco o é diferenciar axeitadamente o procesual do xurisdiccional, cando o proceso é o instrumento que teñen os xuíces no Estado de Dereito para impartir xustiza, así como a sentenza ou decisión final dun litixio se vai paulatinamente preparando a través das resolucións anteriores adoptadas, dependendo delas. Hai cousas que dende logo me parecen positivas, como o maior protagonismo en materia de execución, outras que non comparto como, por exemplo, que sexa responsabilidade do secretario xudicial a admisión a trámite da petición monitoria, en canto require apreciar unha boa aparencia da débeda que se reclama, que considero que se trata dunha valoración xurídica exclusiva da xurisdición.

No esforzo de achegamento da Xustiza á cidadanía, cre vostede necesaria a reforma da demarcación da planta xudicial?

É beneficioso todo aquilo que supoña que o xusticiable vexa os seus asuntos resoltos no menor tempo posible. Non aprecio non obstante na provincia ningún xulgado que pola escaseza de traballo do seu partido xudicial poida ser suprimido. En calquera caso, a redefinición da planta hai que facela con sumo coidado barallando todas as súas consecuencias.

Cal é a súa opinión sobre a tan comentada reforma da LACrim? que lles outorga aos fiscais os labores de instrución penal?

É o modelo que impera en Europa. Agora ben, non todo o foráneo ten que ser mellor. En calquera caso, habería que establecer as garantías e resortes legais para que non se vise minguado o dereito de defensa.

A avogacía

Pensou algunha vez en exercer a avogacía?

A verdade é que, como dixeran, nunca o pensei pois sempre tiveran claro que quería ser xuíz. Non obstante, creo que é unha profesión apaixonante, moi próxima ao conflito que subxace en todo proceso. Decía Voltaire que é a máis bela profesión do mundo.

Como entende o papel dos letrados na Administración de Xustiza?

Sen dúbida como pezas claves. Xuíces e avogados estamos comprometidos na mesma tarefa, sen postulación, sen defensa, non hai proceso, e sen proceso non é posible o Estado de Dereito. Xuntos imos no mesmo barco, remamos cara ao mesmo lado para conducir a nave da Xustiza a bo porto.

E con respecto ao seu grao de preparación, nota grandes cambios nos avogados actuais respecto dos de hai -por exemplo- vinte ou trinta anos?

A verdade é que non noto especial diferenza. Sempre houbo grandes avogados tanto antes como agora. Non obstante, aprecio que cada vez é máis complexo o exercicio da profesión. Hoxe en día os



preitos privados non se solucionan co Código civil e coas leis de arrendamentos. A litixiosidade experimentou unha profunda transformación, a diferenza do que sucedía non hai tantos anos, cando se circunscribía a conflitos rústicos, desafuizamentos urba-



nos e impagados de pequenos comerciantes, mentres que a xustiza criminal se dirixía contra as capas máis desfavorecidas da sociedade. Este panorama cambiou de xeito radical, froito dunha acelerada evolución social, que xera as súas indiscutibles repercusións

no mundo do Dereito. O ordenamento xurídico é cada vez máis complexo e imponse a especialidade. Hoxe en día hai máis de catrocentas mil disposicións en vigor, coñecelas todas é imposible.

Cales serían as calidades que todo letrado debería ter?

Considero fundamental o cumprimento das normas deontolóxicas. O sentido da responsabilidade, a conciencia da transcendencia que supón que o xusticiable deposite nas vosas mans a solución dos conflitos nos que teñen en xogo bens tan prezados, como a liberdade, patrimonio e sentimentos; por iso o estudo concienciado dos asuntos encomendados é imprescindible deber profesional de todo avogado. Non traizoarse moralmente. A conciencia é algo que non podemos colgar no percheiro, prescindindo dela, é un xuíz inexorable, que levamos no interior, e que continuamente axuizará os nosos actos, estar a ben con ela é algo fundamental para vivir en paz no exercicio de calquera actividade profesional, seguindo os seus postulados éticos.

Máis persoal

Polo que o coñecemos, sabemos que vostede é unha persoa moi ocupada, pero, que lle gusta facer non seu tempo libre?

Pasear, ler..., son abonado da sinfónica, o fútbol, mesmo durante uns anos adestreí a un equipo de terceira autonómica, e chegamos a ser subcampións da Coruña do trofeo AFAC.

Un lugar para perderse?

Encantoume Canadá, onde aproveitando un destino da miña irmá maior pasamos unhas inesquecibles vacacións de verán.

Barça ou Madrid?

Ningún dos dous. Deportivo e Sporting de Gijón.

Un recordo memorable?

O nacemento dos meus fillos.

E, para rematar. Cal é a orixe do seu apelido materno?

É alemán, significa “espello do monte”. Meu bisavó Maximiliano veu a España por razóns de traballo, coñeceu unha madrileña, coa que casou, e xa quedou aquí. O seu fillo maior, meu avó José, foi destinado como maxistrado dun dos dous xulgados de primeira instancia e instrución da Coruña, cidade na que xa permaneceu ata a súa xubilación.



Xavier Constenla Vega

Colexiado 1876 do ICA Santiago

José Ángel Docobo

Director do Observatorio Astronómico
Ramón María Aller
Universidade de Santiago de Compostela



O profesor Docobo, director do Observatorio Astronómico Ramón María Aller, recíbenos no seu centro. Instalacións aparentemente modestas que se descubren de alto nivel e eficientes despois das súas explicacións. Un ambiente tranquilo e sereno propio do sosego dunha observación astronómica, co son incesante dun péndulo próximo, que nos anima a afondar no coñecemento deste astrónomo tamén presidente do club de baloncesto Obradoiro CAB Xacobeo Blu:Sens.

Profesor, recorda a primeira vez que mirou ao ceo e espertou en vostede o interese por el?

Non hai unha primeira vez. Dende pequeno, cando iamos veranear a Chantada, o ceo naquel lugar era fantástico, era unha marabilla, case era máis branco que escuro. Sempre me fascinaron a matemática e a astronomía. É certo que a oferta que había a finais dos anos 60 en Santiago non me atraía moito. Rematei Matemáticas, non atopaba nada que me entusiasmase, despraceime a Zaragoza e alí fixen a tese de doutoramento. Estiven oito anos, fixen a oposición e formeime como astrónomo.

Cal foi o traxecto ata chegar a este observatorio?

Isto ten historia. Coa morte de D. Ramón María Aller, o observatorio quedou orfo de astrónomos especialistas. Ben é certo que a dirección estivo ocupada de forma accidental polos profesores Abascal e García-Rodeja, non especialistas en astronomía. O profesor Vidal, que fora discípulo de Aller, viviu en primeira persoa as necesidades do observatorio e detectou o seu futuro incerto polo que tratou de que persoas especialistas se trasladasen aquí. Despois de varios intentos tocoume a vez. Pero vir para aquí non era doado, eu estaba en Zaragoza e marchar era como trasladarse a unha espe-

cie de quimera ou aventura, pero alá fomos. Fixen a tese. O reitor Suárez Núñez -quen apoiou a recuperación do observatorio- contactou comigo, dotou a praza e en 1981 topeime cun observatorio case en ruínas, cientificamente unha desolación. Era empezar case de cero, buscar financiamento para instrumentación, persoal etc. Iso levou moito tempo, nunha época en que a universidade estaba en pleno despegue. Todos os departamentos pedían cousas para si, houbo moita oposición incluso. Pouco a pouco fomos facendo traballos, foi unha especie de bóla de neve, canto máis alcanzabamos, máis conseguíamos. Traballamos no observatorio coma se fose unha empresa privada. Foi o mellor xeito de saír adiante.

Nos anos 80 tiña a idea de conseguir un telescopio acorde con este observatorio. Custou moitísimo. Ata me chamaron francotirador. Pero no 2003 conseguimos un telescopio de 62 cm de apertura, dos mellores dos observatorios astronómicos universitarios de España. Antes diso, contactara coa Consellería de Política Territorial para propoñerlle a creación dunha estación de observación fóra de Santiago que prestase servizos para a observación e a divulgación cultural, que logo quedou en *stand by*.

“ No 2003 conseguimos un telescopio de 62 cm de apertura, dos mellores dos observatorios astronómicos universitarios de España.”

A onde apuntan nestes momentos as observacións deste centro, en que andan metidos agora mesmo?

Dende sempre, dende a época de Aller, el foi o introdutor en España, el era un dos expertos na observación de estrelas dobres no seu Lalín natal, con moi escasos recursos, co seu telescopio refractor, foi o primeiro en calcular unha órbita dunha estrela dobre en España. Logo creou unha escola de investigadores sobre o tema en Santiago. Esta é a liña tradicional do centro. En Zaragoza fixen a tese sobre o estudo de sistemas solares triplos. Cando vin para Santiago afondei nesta liña. Foi difícil, tiven que buscar apoios fóra para que nos deixasen observar dende diferentes observatorios, aos que teño que agradecer a súa colaboración, como o de Barcelona, Guadalaxara etc. Logo empezamos a dirixir proxectos de investigación que nos permitiron desprazarnos a lugares de Europa e América. O seguinte paso foi poñernos á altura das novas tecnoloxías, desgraciadamente aquí en España sempre imos un paso detrás. Cando estabamos conseguindo certa infraestrutura, en EEUU e Rusia xa se estaban utilizando novas técnicas para a observación de binarias, mediante unha cámara duns corenta millóns, que para nós eran prohibitivas. Eu buscaba a duras penas un telescopio de catro millóns, como para pedir corenta. Impensable.

Organizáronse congresos no ano 1996 con motivo do 500 aniversario da USC, ao cal viñeron os mellores especialistas de todo o mundo de dobres e múltiples. A partir de aí, demos o primeiro paso para construír unha cámara modesta e dende hai dous anos dispoñemos dunha cámara de última xeración para a observación de binarias. Consequimos engancharnos á elite. Elaborouse multitude de traballos que foron publicados nas principais revistas de astronomía. E grazas a todo isto, hai agora tres anos, fun elixido nas eleccións da Unión Astronómica Internacional vicepresidente da Comisión de Estrelas Dobres e Múltiples, da que agora son presidente. Agora recordas as enormes dificultades do camiño ata chegar aquí e de todas as persoas, que foron moitas, que axudaron no traxecto.

Explíquenos, en linguaxe un pouco comprensible, o que son as estrelas dobres e múltiples?

Unha estrela dobre son dúas estrelas que están fisicamente asociadas pola mutua atracción gravitatoria, que describen órbitas en torno ao centro de masas do sistema. Algo parecido ao que sucede coa terra e a lúa. A lúa xira arredor da terra, en realidade ambas móvense en torno ao centro de masas de ambos os corpos pero neste caso, como a masa da terra é maior que a da lúa, o centro de masas da terra e da lúa cae dentro da propia terra. Pero, en fin, estendendo este símil, a terra móvese en torno ao sol; coas estrelas sucede igual, están asociadas en grupos de dous e de tres e máis estrelas. Se falamos dun sistema triplo, falamos dun sistema estable, unha estrela binaria e unha máis afastada que se move en torno a estas dúas que están máis próximas. A partir do estudo das órbitas das estrelas dobres, un pode determinar, por exemplo, as masas das estrelas.

Non sei se hai algún descubrimento ou algún achado deste observatorio, pero se o hai, de cal se senten especialmente orgullosos?

Dun traballo feito hai algúns anos estudando un sistema triplo de baixa masa, tres ananas vermellas, calculando as órbitas descubrimos unha oscilación na estrela externa, que demostra que existe un cuarto corpo e, tendo en conta as masas das estrelas, chegamos á conclusión de que o que se está a mover en torno á estrela afastada é un planeta xigante extrasolar. É a primeira detección astrométrica que se fai no mundo dun planeta extrasolar. Síntome orgulloso polo descubrimento e polo método empregado.

A contaminación lumínica é o cabalo de batalla dos astrónomos, que podería facerse dende a administración para mellorar este aspecto?

É un problema xeral. Trátase de evitar que a luz se perda de forma absurda, non só cara a arriba, que é o que máis prexudica a astronomía, senón en horizontal. Hai que iluminar o que hai iluminar. Os cidadáns pagamos impostos para iluminar as avenidas pero non se pode distorsionar a súa condución con luces excesivas. En definitiva, que se ilumine cara a abaixo con luces especiais e que prohiban as luces de mercurio. Hai hábitats naturais que están

afectados pola contaminación lumínica, ademais de que esta contaminación non é unha broma que saia gratis. En época de crise hai concellos que apagan luces a determinadas horas, decatámonos de que se estaba a malgastar.

Que actividades emprendeu este observatorio para estar presente na sociedade compostelá? Está Santiago identificada con este observatorio?

A estas alturas non somos descoñecidos. Estes últimos 20 anos estivemos preocupados por divulgar a astronomía. Na USC non hai moitos departamentos que fóra da investigación e da docencia se preocupen pola divulgación. É importante que os demais saiban o que fas, e para iso é necesario dar a coñecer os teus froitos. Se nós conseguimos este telescopio, o lóxico é que reverta na sociedade. Desenvolvemos moitos proxectos. A Semana da Ciencia é un. No ano 2009 organizamos tres congresos e realizamos unha chea de saídas a diferentes concellos próximos con telescopios e conferencias. Ata un acto académico en homenaxe a Ramón María Aller presidido polo reitor cunha exposición dobre sobre o homenaxeado e filatélica sobre temas astronómicos. O esforzo divulgativo deste observatorio tivo o premio de que a sociedade o recoñeceu.

Falabamos antes de que o ceo escuro é un patrimonio de todos. Cre que a sociedade está familiarizada co ceo que a rodea, contemplamos suficientemente as estrelas?

As dúas cousas están relacionadas. Precisamente ao producirse a contaminación lumínica de forma incontrolada a xente xa non ve nada. Xa non che atrae mirar para arriba porque non ves nada. En Madrid vese a lúa e pouco máis. En determinadas vilas os nenos non coñecen a Vía Láctea, que ten tanta relación co Camiño de Santiago pois guiou os peregrinos durante séculos polo Camiño Francés. A xente ten interese porque cando organizamos xornadas de observación acode ávida de ser ilustrada. A través dun convenio elaborouse un libro sobre constelacións de carácter didáctico en tres linguas, dirixido aos nenos pero aberto a toda a sociedade, en galego, castelán e inglés así como outro libro de temas astronómicos. Fixemos planisferios e un portal na internet.

Sabemos que as comparacións son odiosas, pero ás veces necesarias. Que lugar ocupa este observatorio no panorama astronómico mundial?

Cando falamos de observatorio, debemos aclarar que entendemos por observatorio: as persoas, os medios, o centro,



o instrumental etc. As persoas estamos a un nivel bastante alto. A Unión Astronómica Internacional ten unhas 44 comisións e, aquí, temos a sede, unha presidencia, que non é pouco. E dito iso, o equipo investigador está a publicar nas principais revistas: *Astrophysics*, *Astronomic Journal* etc. No ámbito, non podemos competir con observatorios que soamente fan investigación e que están situados en lugares estratéxicos, temos que compararnos con outros centros universitarios. Non obstante, estamos orgullosos de dispoñer dun dos mellores telescopios do ámbito universitario español e dunha gran biblioteca. Somos un centro docente, dinámico e ao día, cun gran labor divulgativo. Dende hai 12 anos desenvolvemos un programa de extensión cultural da astronomía no que participan cada ano 400 alumnos e alumnas de todas as facultades. Tamén colaboramos na docencia de astronomía para maiores de 50 anos, que foron moi receptivos a estas clases.

Cando observamos o universo a esas grandísimas distancias, estamos a contemplar dalgún xeito o pasado do universo. Como é posible que alguén lle puidese ver futuro ao Obradoiro CAB?

(Ri) A historia do Obradoiro é unha historia de dificultades dende sempre. Cando vin de Zaragoza no ano 1981 fíxennme socio, xa alí gocei véndoo xogar co Helios. Era un equipo de estudantes. Enganchoume o baloncesto. Recordo o ascenso heroico naquel pavillón cun canón de aire quente para secar a pista chea de humidade. Foi unha fazaña. Vivimos momentos bos e outros non tanto: os descenso, por exemplo. Eu era dos poucos que ía ás asembleas, nunha ocasión soamente fomos dúas persoas, o profesor Castiñeiras e eu. Sempre pedindo, se o concello nos daba ou non nos daba... Sempre co fantasma da desaparición sobrevoando, nunca boiantes.

Pero o colmo foi cando sucedeu aquilo na tempada 89-90 cun moi bo equipo. Transcendeu aquela alinación ilegal do xogador do Murcia, uns señores presentáronse ante a delegación do Obradoiro dicindo que os estaban obrigando a facerse pasar polos pais daquel xogador. Comprobase que o Murcia xogaba con dous estranxeiros e que só podía xogar con un. E moi bos os dous, Mike Philips e Esteban Pérez, que logo foi internacional con Arxentina. Que pasou? Pasou que o que se podería arranxar nuns días tardou moitos anos. A conclusión á que cheguei eu é que sempre saímos prexudicados os pobres. Se esta alinación ilegal lla fan ao Barcelona ou ao Madrid, á semana seguinte o comité de competición toma medidas inmediatas e drásticas. Pero eramos o Obradoiro, e non se nos fixo nin caso. Enviáronos á xustiza ordinaria. Ao pouco, o Obradoiro entrou en barrena, un descenso a segunda división, e o verán do 92 xa acudimos a unha asemblea de socios onde aquilo ía a pique e non había xeito de sacalo adiante. En setembro, o presidente, o Sr. Murillo, pensou en entregar todo á federación, o que significaba a desaparición do Obradoiro e o abandono de todo o contencioso que estaba montado. Iso foi o que nos moveu, a min como afec-

cionado porque se estaba a cometer unha inxustiza, e de forma espontánea acudimos á federación porque o límite eran as doce da noite. Semellaba o velorio do Obradoiro, e nunha mesa estábamos o meu irmán Ricardo, Quintela, Alejandro Otero, José Ramón Mato e algún máis, co secretario da federación galega. Falouse de desaparecer, mirámonos uns aos outros e finalmente José Ramón Mato e eu decidímonos. A cousa era mantelo vivo deportivamente e nos tribunais. No deportivo afortunadamente tiñamos un equipo de xuvenís. Saímos daquela reunión dicindo que o equipo seguía vivo. Así empezou todo. Deportivamente o equipo de rapaces foi a máis. Ascendemos a sénior, despois a autonómica, logo a primeira nacional e no 2008 a liga EBA. Logo xudicialmente o que sabemos todos, a trama tremenda. O primeiro paso foi o xuízo en Murcia, onde o xogador confesou que era arxentino e que o seu nome era falso. O xuíz multouno e o púxolle dous meses de arresto. Logo o TSX de Madrid con esa sentenza ditou outra: o Obradoiro gañara o play off e tiña dereito a xogar na ACB. Criamos que todo estaba arranxado. A sentenza do Tribunal Supremo tardou sete anos. Todo o proceso tivo que agardar 20 anos. E logo a liga ACB convidanos a pasar, pero pedíndonos pagar o canon do ano 2003, co cal iso era inabordable. En novembro de 2007 o Tribunal Supremo di que debemos entrar coas condicións do ano 1990. No ano 2008 a propia ACB é a que nos di que non lle interesa a nosa entrada ese ano porque quería regularizar o sistema de ascensos e descenso. Finalmente a inclusión foi na tempada 2009-2010.

“O esforzo divulgativo deste observatorio tivo o premio de que a sociedade o recoñeceu”

Logo veu a segunda parte: como conseguir o financiamento. Nunha comida co daquela candidato, D. Alberto Núñez, conseguimos a súa promesa de apoiarnos se chegaba á presidencia. Pero o tempo era escaso para preparar todo, restábanos un mes. Foi unha cousa de tolos, ata a prensa de Baleares nos fiscalizaba, pois se non conseguíamos o financiamento o Menorca salvábase. Obtívose o apoio da Xunta a través do Xacobeo e a noite do 13 de xuño é cando aparece José Ramón García, de Blu:sens, para dicir que o diñeiro que restaba o poñía a súa compañía. Era a primeira vez que o panorama se aclaraba entre tanta dificultade. Logo o público respondeu, mesmo se abonou sen saber de que xogadores dispoñíamos. Estamos en torno aos 4.500 socios. As cousas están saíndo medianamente ben.

No noso anterior número preguntámoslle ao presidente da Xunta de Galicia sobre a proeza xudicial do Obradoiro. El falou de perseveranza, pode dicirnos vostede que se necesita ademais de perseve-

ranza para manter acendida a lapa da esperanza durante 20 anos? (Sopra e ri) Crer no que estás facendo. Ter a absoluta seguridade de actuar na liña correcta. A compoñente deportiva foi fundamental. Chegamos a manter un club en categorías inferiores con 60 rapaces. Traballamos para volver á ACB pero houbo quen dubidou de nós crendo que logo venderíamos a praza. Demostramos que ese non era o interese que nos movía.

“ En determinadas vilas os nenos non coñecen a Vía Láctea ”

Que tivo que ver con toda esta quimera da que fala a profesión da avogacía?

Sen uns bos profesionais isto non tería lugar. Houbo momentos clave en que o bo facer do avogado foi determinante. Imposible sen bos avogados que isto fose adiante, por moita vontade que tivéssemos por favorecer o deporte.

A súa cotización como directivo nos ámbitos deportivos subiría a raíz de todo este éxito. Xa os chamaron doutros clubs para que lles dean a receita?

(Ri sonoramente) Os ingredientes do éxito foron acertar en cada momento coas decisións tomadas. Existiron momentos delicados. Houbo algúns rozamentos, problemas, diferenzas de criterio na xunta directiva, algo normal. Seguiuse un liña coherente cun obxectivo claro. O club foise entendendo. Despois cando se necesitou o apoio económico tivemos a fortuna de chamar ás portas correctas, ou quizais soubemos elixir as portas axeitadas ou quizais a xente sabía xa con quen estaba a falar. Empezaron a crer en nós, non como uns enredantes, senón como unhas persoas que despois de tanto tempo loitando defendían uns valores. Acertar coas fichaxes foi tamén necesario e, como non, xogar e gañar.

O comportamento da afección dentro do propio pavillón, superou para vostede as expectativas?

Rotundamente. Aínda que eu era un dos máis optimistas. Notaba que había un déficit en Santiago, mesmo en Galicia, nun sector que demandaba este produto. Temos unha porcentaxe de socios de fóra de Santiago en torno ao 35%.

Hai sorpresa na cidade e parece que fóra dela, enorme expectación; cualifícase xa como a épica do Obradoiro. Isto ata onde vai chegar?

O que me conmove é a enorme ilusión que se creou. Hai xente no meu contorno que compra camisetas, bufandas para os seus fillos... Isto dependerá dos resultados deportivos. O ano que vén temos un desafío, converternos en sociedade anónima deportiva e necesitamos que apareza o capital suficiente para subscribir as accións, aproximadamente uns tres millóns.



**ESTRITAMENTE PERSOAL****Mar ou montaña?**

Teño un terreo de monte ao lado do mar.

Un planeta:

Aínda que Saturno é o máis bonito para moita xente polos aneis, case me decanto por Xúpiter.

Unha estrela:

Castor.

Un fenómeno meteorolóxico que lle impacte:

Unha tormenta.

Un fenómeno astronómico:

Unha eclipse de sol.

Un fenómeno astronómico que non vise e que lle gustaría ver:

(Pensa un bo anaco e axúdoos dicíndolles se é que os viu todos ou case todos: ri e asente.)

Un astrónomo vivo e outro histórico:

Falecidos, Kepler, Newton, Galileo e, por suposto, Ramón María Aller. De agora, é difícil, Jesús Sánchez, director do astrofísico de Canarias.

Apuntaríase a unha viaxe espacial para ver unha nova perspectiva da Terra?

Non.

Fútbol ou baloncesto?

Baloncesto.

Bolígrafo ou estilográfica?

Desgraciadamente, bolígrafo.

Estudante de día ou noctámbulo do estudo?

Sempre de día.

Que campo da astronomía lle apasiona especialmente?

O relacionado co meu traballo, estrelas dobres e múltiples.

Que lle gusta observar nos seus momentos de lecer e tempo libre?

A observación da Lúa, Saturno, Xúpiter, unha nebulosa como Orión.

Unha cidade do mundo que o impresionase:

Praga.

Un océano:

O Atlántico.

Con que personaxe histórico compartiría mesa e mantel?

Cun astrónomo, Isaac Newton.

Recoméndenos un libro que esperte o noso interese por esta ciencia:*As trinta constelacións máis importantes*, da USC, en tres idiomas.

Agradecemoslle a entrevista, pero antes de marchar, amablemente convidounos a visitar o seu xoguete preferido: o seu novo telescopio.



Javier Sánchez-Agustino Mariño

Colexiado 1314 do ICA Santiago

Un ano de mediación intraxudicial

O Equipo de Mediación Familiar Intraxudicial dos xulgados de Santiago de Compostela fórmase pola conxunción de moitas vontades que coinciden no tempo e no lugar. Enténdase que isto non sería posible sen a firme vontade dun estamento xudicial concretada no maxistrado do que hoxe é o xulgado de primeira instancia núm. 6, na clara e reiterada vontade da fiscalía de Santiago de Compostela e do seu fiscal xefe en Galicia. Non menos importantes e igualmente necesarios foron os distintos impulsos en distintos momentos feitos polos colexios profesionais, tanto o de psicoloxía de Galicia como o de avogados de Santiago de Compostela. Non debe esquecerse tampouco a necesaria vontade política que apostou por esta vía. Todo iso deu como resultado a sinatura dun convenio que pon en marcha este programa piloto, que nestes días cumpre o seu primeiro ano de vida.

Parecería pois que este proxecto é pioneiro ou incluso vangardista. Este proxecto é novo na súa aplicación no contexto galego, pero non é así en xa moitos outros lugares da xeografía española, onde a mediación ten unha tradición de 20 anos nalgúns casos. Probablemente o feito de chegar despois nos dese unha vantaxe, como é non ter caído nos mesmos erros cometidos noutras experiencias anteriores.

Así é o primeiro equipo de mediación composto por dous membros de distinto ámbito profesional, neste caso o xurídico e o psicolóxico, e aínda máis, o feito de ser un equipo no que os compoñentes son muller e home, que tende a ser valorado, xa de entrada, de xeito positivo polas persoas usuarias, que ven na complementación dos profesionais unha vantaxe cara ao entendemento e á axuda na mediación.

“ Neste tempo de andanza cómpre dicir que o programa de mediación foi magnificamente recibido, tanto polas persoas usuarias como polas distintas instancias implicadas.”

Neste tempo de andanza, e con media centena de asuntos que pasaron polo servizo, cómpre dicir que o programa foi magnificamente recibido, tanto polas persoas usuarias que tiveron acceso como polas distintas instancias implicadas. Dende o equipo quéreselles agradecer aos letrados a súa colaboración e interese, tanto acudindo ás sesións informativas cos seus clientes -o que fai que sexamos o único proxecto do Estado que conta con asistencia plena, agás en un par de casos en que, ou ben non se localiza o cliente, ou ben se atopa lonxe- como asesorando as partes na súa propia toma de decisións, e incluso recomendándolles que intenten a mediación como procedemento complementario ao xudicial para acadar acordos. As partes, como é

normal, están moi pendentes do parecer do seu avogado ou avogada e a colaboración da avogacía compostelá tamén foi unha peza clave para o éxito do proxecto.

O funcionamento deste servizo baséase nun proceso perfectamente estruturado. Primeiro as persoas interesadas son dirixidas polo xulgado de familia a unha sesión informativa presencial. Esta sesión, na que están presentes os avogados coas partes, ten varias finalidades: informar de qué é a mediación, cales son as características máis importantes que a definen e cal é o proceso concreto que se segue nos procesos de mediación. Revelan algúns estudos sobre experiencias similares levadas a cabo en España dende hai case dúas décadas que esta parte é esencial. Na medida en que se entende o fin da mediación e o proceso, evítanse posteriores malentendidos. Por exemplo, no proceso de mediación o asesoramento dos avogados e avogadas ás partes é fundamental e así se fai saber nestas reunións; tamén se especifica que o acordo debe ser por convencemento das partes, nunca dende a urxencia do tempo nin a presión. Unha vez máis o papel do avogado parécenos clave, pois será quen asesore as partes sobre as consecuencias do que deciden, o que leva a que sexa unha decisión libre e consciente.

Nesta sesión infórmase tanto as partes como os avogados das características do proceso, tanto temporal como de procedemento, que se vai seguir e tamén se destaca a necesidade do letrado como asesor legal das partes así como na redacción final do convenio. Na segunda parte desta sesión -e xa só coas partes- reitéranse algunhas das explicacións dadas sobre a mediación e tamén se fala das cuestións máis prácticas como os horarios ou o lugar da mediación, a previsión de reunións que podemos precisar e o seu funcionamento. Destácase a necesidade de falar dos intereses de cada un pero sempre baixo unhas normas de respecto e de eficacia. Non falaremos daqueles temas que as partes non queiran ou non consideren oportunos. Este punto é de grande importancia xa que as partes chegan normalmente a esta situación nun momento intenso do conflito, onde deben estar seguras de que as sesións de mediación non serán aproveitadas pola outra parte para recriminar, tratar de manipular, etc. Deben sentirse seguras emocionalmente nelas. Nestes momentos do proceso as partes están cansas e o seu estado anímico debe ser especialmente coitado. Unha vez chegado o final desta sesión informativa, as partes deciden se queren comezar a mediación ou non, sempre asesoradas cos seus letrados e letradas.

Unha vez iniciadas as sesións, o traballo nelas debe pasar por unha escoita activa dos intereses das partes, que deben ser distinguidos das posicións por eles mantidas no preito. Neste proceso tamén é moi

importante que a actitude respecto do conflito mude dunha postura competitiva a unha cooperativa. Tense demostrado tan importante este paso que, se non se fai, non trataremos de seguir adiante. Calquera negociación en que as partes só buscan gañar está decididamente dirixida ao fracaso. Un pode vencer pero non convencer. A separación ou o divorcio, e outro tipo de asuntos de familia, son procesos legais nos que están implicadas persoas que despois terán, na maioría dos casos, algún tipo de relación necesaria, e é moi curioso e moi habitual escoitalles ás partes dicir: “non, prefiro ir a xuízo porque así acaba todo; que diga o xuíz e xa está”. Por desgraza sabemos que ese é moitas veces, non o final, senón o comezo dun camiño longo e amargo para as partes e, o que é peor, para os menores.

“ Calquera negociación en que as partes só buscan gañar está decididamente dirixida ao fracaso. Un pode vencer pero non convencer.”

De como se faga este paso dunha situación a outra e de como cada unha das partes se vaia sentir despois deste proceso vai depender a futura relación. Como vemos a diario nos casos de separación ou divorcio, unha cantidade económica mínima, a diferenza dunha hora ou medio día máis ou menos poden significar problemas serios e graves nun futuro para a relación dos fillos cunha das partes. Á vez estes problemas poden desembocar en procesos en que os fillos teñen que decidir quen é bo e quen é malo, como naquela pregunta que nos facían a todos de cativos -sempre alguén con non moi boa intención-: a quen queres máis, a papá ou a mamá? Pois iso, pero con consecuencias non visibles a maioría das veces para un menor.

A mediación intraxudicial busca reconducir procesos xa xudicializados a un ámbito no que se teña moi en conta o futuro da relación que se vai establecer entre as partes litigantes. Debe buscarse o acordo como fin prioritario, sexa este total ou parcial, sabendo que nos procesos de ruptura, debido á existencia de fillos/as na meirande parte dos casos, esta relación por forza débese prolongar no tempo, xa que os menores sofren as consecuencias cando esta relación non é boa.

Adoita dicirse moitas veces que os menores son manipulados polas partes, e probablemente iso poida pasar, aínda que sexa moitas veces sen esa intención, pero tamén é certo que os menores en moitos casos son tratados como “convidados de pedra”, coma se eles non tivesen sentimentos, non tivesen dúbidas, non quixesen intervir -ao seu modo- neste proceso para axudar -ao seu entender- e tamén, por que non, manipular os seus proxenitores no beneficio deles mesmos.

Cando o proceso de ruptura da parella se dilata no tempo, entra en vía xudicial e non acadamos acordos que fagan posible a comunicación e o entendemento futuro, os menores corren o risco de sentir que poden participar en todo isto, e deixar de ser “convidados de

pedra” para converterse en “actores principais” onde -eles tamén o detectan- moita xente está pendente das súas condutas, das súas decisións, das súas expresións.

Cantas veces un dos proxenitores conta unha situación do menor que se contradí coa que conta o outro. O problema aquí non está en saber quen mente, probablemente ningún, nin o pai nin a nai, e tampouco o menor. Nestes procesos calquera actitude, comentario ou conduta do menor é interpretada rapidamente polas partes e elévase á categoría de proba concluínte da conduta desaxeitada do outro. Pero nese afán protector do contorno máis próximo de cada un dos proxenitores o que se fai é “botar máis leña ao lume”, ás veces mesmo de maneira inconsciente, mostra clara dunha falta de cultura da sociedade ante o divorcio. Os dous proxenitores invocan sempre o interese superior do menor para sustentar as súas posicións, e de seguro que buscan e queren ese interese, só que entenden que a única maneira de darlle resposta axeitada é a que cada un propón e non a do outro. A mediación trata de retomar os intereses desas partes e reconducir esa nova situación.

Unha clara referencia a isto faina xa o maxistrado Pascual Ortuño, pioneiro da implantación da mediación en España, cando di: “*no se conoce un solo caso en el que, tras la sentencia adversa, el ciudadano que ha perdido un pleito comprenda cuanta razón tenía la otra parte*”, e engade, “*por el contrario, ve incrementado el rencor hacia la otra parte y la desconfianza...*”.

O papel de vencedor/vencido nos procedementos xudiciais de familia non axuda precisamente a que a relación sexa fluída e axeitada, como sería desexable para a crianza dos fillos, máis ben ao contrario: quen se sente perdedor ou vencido aproveitará calquera ocasión para “cobrarse” vinganza pola afronta e a humillación sufrida. Pero, paradoxicamente, o vencedor ou gañador non ten un panorama moito mellor: ten unha sentenza que lle dá a razón, si, pero ao non contar coa colaboración da outra parte, moitas veces ten a sensación de que os seus dereitos non son máis que “papel mollado”. Se esta escalada do conflito se deixa ir, o resultado será que haberá que acudir ao xulgado cada vez que se deba tomar unha decisión, cada vez que haxa que facer unha excepción, cada vez que se produza un cambio, cada vez que xurda unha dúbida..., e, en definitiva, será o xuíz quen acabe tomando as decisións de como os proxenitores han de vivir a súa vida cos seus fillos.



Olga Failde Picallo
Avogada



Juan M. Daponte Codina
Psicólogo

Equipo de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela

■ Dezaseis argumentos de defensa en materia de delitos contra a seguranza viaria

O presente estudo está enfocado dende un punto de vista eminentemente práctico e dende a exclusiva perspectiva do avogado defensor. Non hai que esquecer que toda persoa ten dereito á mellor defensa posible. Tampouco se pretende, nestas páxinas, abarcar toda a materia da seguranza viaria dende o punto de vista penal a modo de gran ofensiva que conquiste toda a materia, senón que se segue a estratexia dun francotirador, que busca uns obxectivos moi concretos.

Con anterioridade á reforma operada pola Lei orgánica 15/2007, a máis exitosa liña defensiva fronte a unha acusación por un «delito contra a seguranza do tráfico» era a alegación da falta de influencia do alcohol na condución. Influencia que constituía un elemento integrante do delito tipificado no artigo 379 do Código penal. Así, ante o suposto dun control preventivo de alcoholemia, aínda que o grao de impregnación alcohólica fose moi alto, se non existía proba da influencia do alcohol na condución (normalmente por medio da dilixencia de expresión de síntomas, debidamente ratificada en xuízo, léase «deambulación vacilante», «cambaléase ao andar», etc.), a sentenza sería necesariamente absolutoria. Neste sentido apunta a sentenza do Tribunal Constitucional do 15 de novembro de 2006.

Tras a reforma operada pola Lei orgánica 15/2007, a defensa baseada na inexistencia de influencia do alcohol na condución quedou, en gran parte, minguada pola obxectivación dunha taxa a partir da que xorde necesariamente o delito, isto é, pola tipificación coma delito da conduta consistente na condución de vehículos a motor ou ciclomotores superando unha determinada taxa de alcohol (0,60 miligramos por litro de aire expirado ou 1,20 gramos por litro de sangue) polo que, na práctica, comprobada a taxa de impregnación alcohólica, na maioría dos casos o mellor para o noso defendido será chegar a conformidade coa acusación nun xuízo rápido e conseguir, deste xeito, a redución dun terzo na pena (artigo 801 da Lei de axuízamento criminal). Pero iso non quere dicir que non existan posibilidades de defensa fronte a unha acusación por delito contra a seguranza viaria. A algunha destas posibilidades referímonos a continuación.

Condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou que supera a taxa prevista legalmente.

1. Marxe de erro do etilómetro.

O punto 2.3 do anexo II da Orde ITC 3.707/2006, do 22 de novembro, pola que se regula o control metrolóxico do Estado nos instrumentos destinados a medir a concentración do alcohol no aire expirado, establece que os erros máximos permitidos para os etilómetros en servizo son os seguintes:

- 0,030 mg/l para todas as concentracións menores ou iguais a 0,400 mg/l.
- 7,5% do valor verdadeiro da concentración para toda concentración maior de 0,400 mg/l e menor ou igual a 1 mg/l.
- 20% do valor verdadeiro da concentración para toda concentración maior de 1 mg/l.

A marxe de erro do etilómetro ten que xogar necesariamente a favor do acusado, de conformidade co principio *in dubio pro reo*. Así, a Sentenza da Audiencia Provincial de Madrid, sec. 7.^a, do 7 de xullo de 2009, revogou a sentenza de instancia e absolveu o acusado nun suposto en que a proba de alcoholemia deu uns resultados de 0,63 e 0,62 miligramos de alcohol por litro de aire aspirado.

Nas xornadas de fiscais delegados de seguranza viaria, dos días 17 e 18 de xaneiro de 2008, tamén se chega á conclusión de que os erros valorados deben terse en conta tanto para o cómputo do exceso de velocidade coma da taxa de alcohol.

Se o resultado da proba de detección non supera os 0,65 miligramos de alcohol por litro de aire, poderemos defender a inocencia. Isto, claro é, sempre que non se acredite a influencia do alcohol na condución por medio doutras probas e que, tampouco, conste no procedemento –normalmente por medio do certificado de verificación do etilómetro– que a marxe de erro que presentaba o aparello medidor concreto que se utilizou era menor. Non debe esquecerse que, como ten sinalado o Tribunal Constitucional, na sentenza do 15 de novembro de 2006, «a proba de impregnación alcohólica pode dar lugar, tras ser valorada conxuntamente con outras probas, á condena do condutor do vehículo, pero nin é a única proba que pode producir esa condena, nin é proba imprescindible para a súa existencia».

Nos actuais atestados xa se pon de manifesto, co seu correspondente recadro para marcar, que nos etilómetros que se atopan no seu primeiro ano de servizo e que non fosen reparados ou modificados, o erro é do 5%, polo que o valor medido para os efectos penais ten que ser igual ou superior a 0,64 mg/l. Nos etilómetros que levan máis de un ano de servizo ou fosen reparados ou modificados, o erro é do 7,5%, polo tanto, o valor medido para efectos penais ten que ser igual ou superior a 0,65 mg/l.

No suposto de que o xulgado do penal pronuncie unha sentenza condenatoria fundamentada, exclusivamente, no último inciso do parágrafo 2.º do artigo 379 do Código penal (condución cunha taxa de alcohol en aire aspirado superior a 0,60 miligramos por litro ou cunha taxa de alcohol en sangue superior a 1,2 gramos por litro), e non se pronuncie sobre a influencia do alcohol na condución, non cabe que a Audiencia Provincial, despois de estimar que non se superou o límite cuantitativo establecido no tipo penal (xa que o xulgado do penal

non tivo en conta a marxe de erro do etilómetro), pronuncie unha sentenza condenatoria baseándose no inciso primeiro do artigo 379.2 do CP (influencia do alcohol na condución). A condena suporía unha vulneración do principio de inmediación que preside o dereito penal e levaría consigo unha nova valoración da proba, en contra de reo, que non se realizou na sentenza recorrida, que non entrou a valorar ese tema

2. Falta de acreditación da verificación do etilómetro empregado.

Existe a obriga legal de revisar os etilómetros que se usen, tanto anualmente como tras a reparación ou modificación. Cando nas actuacións non conste a certificación da última verificación anual do etilómetro, non poderá acreditarse que este funcionaba correctamente, polo que tampouco poderán darse por probados os resultados das medicións que se efectúen. Así o declarou a Audiencia Provincial de Xirona, na sentenza do 27 de abril de 2000.

A Audiencia Provincial de Toledo, sec. 1.ª, na sentenza do 27 de xaneiro de 1997 mantivo que a acreditación de que o control de alcoholemia foi realizado cun etilómetro acorde coas esixencias legais correspóndelle á acusación, xa que estamos ante un presuposto que afecta a validez da proba de cargo, sen que se poida admitir unha inversión da carga probatoria que suporía unha presunción de validez e lexitimidade da proba alcoholométrica.

A Sentenza, do 2 de outubro de 2009, da Audiencia Provincial de Barcelona, sec. 5.ª sinalou o seguinte:

[...] non obrando na causa certificación na que conste tal revisión, é tamén razoable a hipótese da defensa conforme o aparello non se atopaba revisado na forma prevista legalmente no momento de practicarse a proba de alcoholemia e, en consecuencia, debe prevalecer a hipótese favorable ao acusado, en aplicación do principio *in dubio pro reo*, e, polo tanto, non entendemos probada a taxa de alcoholemia, coa consecuente absolución do acusado.

3. Utilización dun etilómetro que non é de precisión.

Un etilómetro portátil carece de fiabilidade equiparable a un de precisión e ademais non está habilitado para emitir o documento acreditativo do resultado, polo que non garda as máis mínimas garantías para erixirse en proba de cargo. Neste sentido pronunciouse Audiencia Provincial de Barcelona, sección 5.ª, na sentenza do 8 de xullo de 2002.

O problema estriba en que este tipo de etilómetros de aproximación adoita utilizarse no caso de accidente ou infracción, e hai que lembrar a posibilidade de acudir a outras probas de cargo para enervar a presunción de inocencia e demostrar a influencia do alcohol na condución.

A Instrución da Fiscalía Superior de Estremadura sobre os delitos contra a seguranza viaria, do 3 de abril de 2008, mantén que as probas realizadas cun etilómetro dixital non son aptas «por si soas» para servir de proba nun procedemento xudicial. Caso distinto é que, se concorren outros indicios, poida efectuarse atestado polo inciso primeiro do artigo 379.2.

4. Dereito á intimidade persoal na proba de detección de alcohol en sangue.

No caso dun accidente de circulación, os axentes da autoridade, á hora de solicitar a práctica dunha analítica que determine a taxa de alcohol no sangue, deberán contar co consentimento do condutor ou ben cunha autorización xudicial, pois do contrario veríase danado o dereito á intimidade persoal (Sentenza do Tribunal Constitucional do 24 de setembro de 2007).

Agora ben, como xa se ten reiterado, cabe unha sentenza condenatoria sen estar acreditada a taxa de alcoholemia. Pode probarse a influencia do alcohol na condución por outros medios.

5. Necesidade de que os axentes instrutores ratifiquen o atestado no acto do xuízo.

O atestado ten a consideración de mera denuncia. A única proba de cargo válida para enervar a presunción de inocencia é a practicada no acto do xuízo.

Ademais, nun estado de dereito cabe defender que a declaración en que os axentes manifestan que non se lembran do caso concreto, pero que se ratifican de forma xenérica no atestado, non é suficiente para enervar a presunción de inocencia. Por suposto que esta argumentación non é compartida por algúns xulgados e tribunais.

6. Transcurso do tempo dende a condución ata o momento en que se fai a proba ou se toma a mostra.

Neste caso o nivel reflectido na proba non é o nivel existente no momento en que se perfecciona o delito, o momento da condución. Novamente o problema estriba en que os supostos de tardanza na práctica da proba adoitan ser os casos de infracción ou accidente, non nos supostos de controis preventivos.

Negativa a someterse ás probas de detección alcohólica: artigo 383 do CP

7. Acusación por un delito de negativa a someterse ás probas de alcoholemia se non existen síntomas de afección alcohólica.

Para que exista o delito tipificado no artigo 383 do Código penal, ha de darse o presuposto previo de que os axentes da autoridade advirtan no conducir síntomas de afección alcohólica, e así llo fagan saber á persoa requirida. Así o proclamou o Tribunal Supremo na sentenza do 9 de decembro de 1999 e no mesmo sentido se pronunciou, entre outras moitas, a Audiencia Provincial de Santa Cruz de Tenerife na sentenza do 12 de abril de 2002.

Gran parte da doutrina tamén comparte esa opinión. Juan José Hurtado Yelo, no seu traballo “*Casística práctica del control de alcoholemia. Foro abierto*”, publicado por El Derecho Editores, considera que tras a reforma operada pola Lei orgánica 15/2007 ha de manterse a interpretación efectuada polo Tribunal Supremo na mencionada sentenza do 9 de decembro de 1999.

A esa conclusión chegouse tamén na *I Jornada sobre Dereito de la Circulación*, realizada en Altea entre os días 7 e 9 de decembro de 2008 e organizada pola Audiencia Provincial de Alicante e os cole-

xios profesionais de xestores administrativos, avogados e procuradores desa mesma cidade.

Non obstante, hai que sinalar que estamos ante unha cuestión controvertida, na que existen opinións en ambos os dous sentidos. Así, nas xornadas de fiscais delegados de seguranza viaria do ano 2008 conclúese que, aínda que se trate dun suposto de control preventivo sen sinais de embriaguez, debe condenarse penalmente a negativa a someterse ás probas de detección de alcohol. Chégase a esta conclusión con base en que o delito tipificado no artigo 383 do Código penal estendeu o seu ámbito de aplicación ao establecer que é delito a negativa a someterse ás «probas legalmente establecidas para a comprobación das taxas de alcoholemia». Fronte ao que se estipulaba antes da reforma, no artigo 380 do Código penal, no que o teor literal do texto era «probas legalmente establecidas para a comprobación dos feitos descritos no artigo anterior», e os feitos aos que se refería o antigo artigo 379 do CP eran conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas, o que precisaba a acreditación da influencia e, polo tanto, a concorrencia de sinais desta.

8. Concorrencia da circunstancia atenuante 6.ª, do artigo 21 do Código penal, de intoxicación etílica, en relación coa circunstancia 2.ª do mencionado artigo, no suposto dunha acusación conxunta por un delito de condución tras a perda do permiso cun delito de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas.

Fronte ao que puidese parecer evidente –non se poden utilizar dúas varas de medir segundo conveña–, en máis dunha ocasión atopéime cunha acusación conxunta por un delito de condución baixo os efectos do alcohol e por outro delito, sen que a acusación mantivese, en relación con ese segundo delito, a concorrencia de circunstancias modificativas da responsabilidade. Se a influencia de alcohol é de tal gravidade como para levar aparelhada unha condena penal, a inxesta de alcohol debe considerarse como unha circunstancia atenuante en relación co segundo delito, evidentemente non en relación co delito de condución baixo a influencia de alcohol. Neste sentido pronúnciase a Sentenza da Audiencia Provincial de Badaxoz, Sección 1.ª, do 23 de abril de 2009.

No caso de que a taxa de alcohol sexa elevada ou moi graves os síntomas apreciados de afección alcohólica, pode defenderse a concorrencia da eximente incompleta recollida no artigo 21.1 do Código penal, en relación co artigo 20.2 do mesmo corpo legal.

9. A condena conxunta por un delito de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379 do CP e por un delito de negativa a someterse ás probas de alcoholemia tipificado no artigo 383 do CP vulnera o principio *non bis in idem*, xa que a conduta obxecto de condena supón un só delito contra a seguranza viaria.

Esta teoría vén sendo mantida por diversas audiencias provinciais. Cómpre destacar a Sentenza da Audiencia Provincial de Madrid, Sección 17, do 10 de novembro de 2009, recurso 275/2009, que sostén, ademais, que a opinión contraria á condena conxunta por ambos os dous delitos foi confirmada pola reforma operada pola Lei orgánica 15/2007.

Non se trata, nin moito menos, dunha cuestión pacífica. Existe unha gran cantidade de sentenzas que condenan conxuntamente polos dous delitos ao considerar que nos atopamos ante comportamentos delituosos autónomos. A modo de exemplo, pódese sinalar a Sentenza da Audiencia Provincial de Burgos, Sección 1.ª, do 8 de outubro de 2009, que fundamenta a condena por ambos os delitos en que o ben xurídico protexido polos artigos 379 e 383 do Código penal é distinto, e en que igualmente é distinto o momento en que se produce a consumación do delito (o momento da condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas no suposto do delito tipificado no artigo 379 do CP, e o momento da realización das probas no suposto recollido no artigo 383 do CP).

Condución estando vixente unha privación do dereito a conducir. Artigo 384 do CP

10. Existen autores que manteñen que non cabe aplicar o novo delito tipificado no artigo 384.2 do Código penal no caso de que a privación do dereito a conducir fose imposta como unha pena –polo tanto, nunha sentenza– e por un prazo determinado temporalmente –que non pode ser superior a dous anos–.

Esta argumentación é defendida polo fiscal Juan Manuel Fernández Aparicio no estudo publicado no diario de xurisprudencia de *El Derecho* n.º 2.514. Sinala Fernández Aparicio que o artigo 384.2 do Código penal recolle só dous supostos de privación po permiso de conducir por orde xudicial:

- Privación cautelar da licenza: polo tanto, como unha medida cautelar e non coma unha pena imposta por sentenza.
- Privación definitiva da licenza: non de xeito meramente temporal.

Polo tanto, no suposto de conducir coa existencia dunha sentenza xudicial que impón unha pena de privación do dereito á condución por un tempo determinado, non podería condenarse o acusado como autor dun delito de desobediencia do artigo 384.2 do Código penal. As normas penais deben interpretarse sempre a favor de reo, e non cabe, en materia penal, unha aplicación analóxica da norma na súa contra ou, noutras palabras, non pode ser admitida a analogía *in malam parte* (artigo 4 do Código penal: «As leis penais non se aplicarán a casos distintos dos comprendidos expresamente nelas»).

Esta tese foi acollida pola Audiencia Provincial de Barcelona, Sección 2.ª, na sentenza do 21 de xaneiro de 2009.

Para Fernández Aparicio a privación definitiva da licenza por decisión xudicial só se daría no suposto que recolle o parágrafo 3.º de artigo 47 do Código penal, cando a pena de privación do dereito a conducir o fose por un tempo superior a dous anos, xa que iso comportará necesariamente a perda de vixencia do permiso.

11. Inaplicación da agravante de reincidencia.

O que non pode ser obxecto de ningunha discusión é que non cabe a aplicación da agravante de reincidencia no suposto de concorrencia dunha condena anterior por un delito de desobediencia, do artigo 468 do CP –artigo co que se viña penando antes da reforma a condución co permiso retirado–, e o novo delito do artigo

384, xa que as dúas disposicións legais referidas non se atopan no mesmo título do Código penal.

O artigo 22.8 do CP establece que hai reincidencia cando, ao delinquir, o culpable xa estivese condenado executivamente por un delito comprendido no mesmo título do Código, sempre que sexa da mesma natureza.

Se a persoa axuizada foi condenada por un delito do artigo 468 do CP (título XX) e agora se pide a súa condena por un delito do artigo 384 do CP (título XVII), non existe reincidencia. Polo que, ademais, consonte o principio de proporcionalidade, necesariamente ten que rebaixarse a pena que solicita a acusación nas súas conclusións xa que considerou para a súa petición a concorrencia da mencionada circunstancia agravante.

12. Atenuante de colaboración da xustiza.

A Sentenza da Audiencia Provincial de Xirona, do 22 do febreiro de 2005, acolleu a concorrencia da circunstancia atenuante de colaboración coa xustiza, do parágrafo 4.º do artigo 21 do Código penal, no caso dunha persoa que, ao ser requirida para amosar o seu permiso de condución, manifestou que o tiña suspendido.

É unha argumentación collida con alfinetes, porque é discutible a concorrencia no suposto do chamado «elemento temporal» que precisa esta circunstancia atenuante.

A pena de traballos en beneficio da comunidade

13. Non se pode impoñer a pena de traballos en beneficio da comunidade sen a conformidade previa do acusado coa pena, xa que a pena de traballos forzados está prohibida polo artigo 25.2 da Constitución e polo 49 do Código penal («non poderán impoñerse sen o consentimento do penado»).

Neste sentido pronúnciase a doutrina (ver "*Comentario a la LO 15/2007, de reforma del Código Penal, Delitos contra la Seguridad Vial*", de Jesús Pórfilo Trillo Navarro, publicado por *El Derecho*). A esta conclusión chegouse tamén nas xornadas de fiscais delegados de seguranza viaria, dos días 17 e 18 de xaneiro de 2008

Non obstante, na práctica adoita ser máis conveniente para o acusado acollerse á redución dun terzo da pena de privación do dereito a conducir e da de multa, previsto nos casos de conformidade do acusado ante o xulgado de garda, a cambio da imposición da pena de traballos en beneficio da comunidade. En todo caso, haberá de estudarse o caso concreto e resolver qué é o máis conveniente para o noso defendido.

Así mesmo, non se pode impoñer conxuntamente a pena de prisión e a de traballos en beneficio da comunidade.

A pena de privación do dereito á condución

14. Posibilidade de cumprimento da pena de privación do dereito a conducir só nas vacacións e nas fins de semana.

A maior parte das resolucións ditadas polas audiencias provinciais pronúncianse en contra desta posibilidade, non obstante, existe

unha corrente minoritaria que a recoñece no caso de que concorran acumulativamente dúas circunstancias: que o feito fose cometido en días non laborables ou en vacacións e que o condenado precisase do vehículo para o desenvolvemento do seu traballo habitual.

A Audiencia Provincial de Zamora, na resolución do 20 do novembro de 2000, admitiu que a pena de privación do dereito a conducir fose cumprida durante as fins de semana, días festivos e períodos de vacacións, atendendo a que o procesado necesitaba utilizar o vehículo para desenvolver o seu traballo, dado que o Código penal non impide esta solución.

Agora ben, á marxe das dificultades de cálculo e seguranza xurídica, a posibilidade de cumprimento fraccionado da pena de privación do dereito á condución trae consigo graves prexuízos para o condenado, pois atrasaría, en gran medida, a extinción da pena (con efectos sobre a cancelación de antecedentes, posible reincidencia, etc.).

15. Principio de proporcionalidade da pena.

Á hora de individualizar a pena de privación do dereito a conducir, dentro dos límites legalmente fixados, ten que valorarse a necesidade do acusado de usar o vehículo para realizar o seu traballo, de conformidade co principio de proporcionalidade da pena. Polo que, de atoparnos ante este suposto, debemos de alegar e probar esta circunstancia.

A pena de multa

16. De conformidade co artigo 50 do Código penal, a contía da cota diaria da pena de multa fíxase en función da capacidade económica do reo. Por iso, en moitos casos será conveniente achegar proba das obrigas e cargas familiares do acusado, así como de calquera circunstancia persoal que poida influír negativamente na súa capacidade económica.

Outras defensas

Existen outras posibles estratexias defensivas que, loxicamente, van depender dos feitos axuizados concretos e das circunstancias en que a conduta do noso defendido ou defendida se teña producido. A modo de exemplo, e sen vocación de esgotar o tema, cómpre citar o estado de necesidade (que deberá ser convenientemente probado, así como a imposibilidade de opcións menos gravosas que a condución), inexistencia de condución, consumo de alcohol posterior a esta, descoñecemento da anterior condena de privación do dereito a conducir, falta de motivación na individualización da pena, inexistencia de reincidencia ao non constar na sentenza os datos precisos para a súa apreciación, etc.



José Ramón Sánchez Magariños
Colexiado 1248 do ICA Santiago

Alternativas á ausencia de proba do Dereito estranxeiro a través dos casos de sucesión internacional

Como debe responder un xuíz enfrontado a unha controversia que debe resolverse de acordo co disposto nun dereito estranxeiro en ausencia de proba deste dereito estranxeiro?

Abordando a cuestión ao fío da práctica recente en materia de sucesión internacional en aplicación do artigo 9.8 C.c., e asumindo o silencio do artigo 12.6 C.c. e do artigo 281 LAC, resulta criticable, ao noso xuízo, a atención que parece ter a SAP Las Palmas 28-06-2004 respecto da desestimación da demanda como resposta en defecto de proba do Dereito inglés regulador da herdanza e dos legados. E iso, aínda que é verdade que certa xurisprudencia, amparada na especialidade do proceso laboral, avogara por esta alternativa, como pode observarse na STS 22-05-2001, ou na STS 25-05-2001. Mellor opinión merece, en cambio, a SAP Alacant 27-02-2004, respecto da sucesión dun nacional alemán, que expresamente se pronuncia en contra da desestimación da demanda; ou, así mesmo, a SAP Almería 29-11-2002, respecto da sucesión dun nacional xermano-belga.

Ao noso entender, non é a desestimación da demanda unha opción saudable en ausencia de proba do Dereito estranxeiro. Non recoñecer a pretensión material do actor, isto é, non chegar a situarse na tesitura de acadar o coñecemento da norma 'para poder estimar ou desestimar' e aínda así desestimar, antóllasenos sanción excesiva respecto do que a práctica xudicial entende como un comportamento estritamente procesual de parte. Ademais, suporía a consideración da proba do Dereito estranxeiro como unha condición implícita das normas de competencia xudicial internacional, a modo de presuposto procesual da acción, o que presentaría problemas de coherencia coa tutela xudicial internacional que pretende ser garantida a través do sistema de normas sobre competencia.

Non é esta opción xustificable nin sequera de permitir presentar unha nova demanda co Dereito estranxeiro correctamente alegado. Certo sector entende que se estaría a falar dun novo obxecto do proceso, co que o efecto de *cousa xulgada* da primeira sentenza desestimatoria non se estendería a este segundo proceso. Non estamos de acordo. Aválanos o disposto no artigo 400.1 LAC: ao establecer, cando o que se pida na demanda poda fundamentarse en diferentes feitos ou en distintos fundamentos ou títulos xurídicos, a necesi-

dade de aducir nela cantos resulten coñecidos ou poidan invocarse ao tempo de interpoñela, parece eliminar a posibilidade de formular novas pretensións fundamentadas en diversos títulos xurídicos ao estender a *cousa xulgada* ao deducido e a todo o deducible. Deste xeito, a *causa petendi*, que xunto co *petitum* vén a ser un dos elementos que identifican o obxecto do proceso, aparece conformada tanto polos feitos xuridicamente relevantes para fundamentar a petición, como polos feitos históricos que admiten subsunción en determinado ordenamento xurídico: as normas xurídicas non engaden nada máis cara á identificación do obxecto. Debería entenderse, só, como unha modificación dos fundamentos xurídicos, o que non implica unha renovación de obxecto. De non ser así, estaríamos amparando comportamentos estraños como, por exemplo, que un demandante, que reclama alimentos *ex lei* da residencia habitual do acredor alimenticio vía Convenio da Haia 1973 sobre lei aplicable ás obrigas alimenticias e que os obtén en aplicación desta normativa, poida presentar unha nova demanda contra o mesmo debedor e baseada nas mesmas esixencias, esta vez con base na lei da nacionalidade común de acredor e debedor, tamén *ex* Convenio da Haia 1973.

Así mesmo, e tal como entendeu o TC, cremos que a opción 'desestimación da demanda' ten difícil axuste cos presupostos da tutela xudicial efectiva do artigo 24 CE (STC 10/2000; 155/2001; 33/2002) Afectando ao fondo, non é unha resposta sobre o fondo: para determinar a inadecuación da pretensión co Dereito e así desestimar debería existir unha norma xurídica (estranxeira) que permita esta operación de subsunción con resultado negativo e aquí non se probou. E as únicas ocasións nas que cabe constitucionalmente non responder sobre o fondo atópanse legalmente tipificadas, e este non é o caso, xa que nada din o artigo 12.6 C.c. nin o artigo 281.2 LAC.

De aí a crítica, en consecuencia, á opción da SAP Las Palmas 28-06-2004, polos riscos implícitos respecto da tutela xudicial efectiva do artigo 24 CE. E non tanto, en cambio, polo feito de que o tri-

bunal transgredise o seu deber de colaboración establecido no artigo 281.2 LAC 2000: neste caso, non existía sequer un labor probatorio de parte co que colaborar o tribunal; de ser así, esta resposta de desestimación da demanda deviría en inconstitucional, xa que o TC considerou esta forma de proceder como unha denegación de xustiza para a parte demandante, risco, polo tanto, da tutela xudicial efectiva do artigo 24 CE.

Non é correcto, en fin, ligar desestimación da demanda á consideración fáctica da lei estranxeira. A súa fundamentación é errónea: o artigo 281 LAC distingue entre proba dos feitos (parágrafo 1º) e proba do Dereito estranxeiro (parágrafo 2º), dentro dun sistema conflitual imperativo (artigo 12.6.1 C.c.), dificilmente compatible cun eventual tratamento fáctico da lei estranxeira.

Á crítica da resposta ‘desestimación da demanda’ en ausencia de proba do Dereito estranxeiro, debe unírsele a, ao noso entender, tamén inadecuada resposta de considerar, chegado o caso, a aplicación subsidiaria da *lex fori*. Alternativa esta pola que optou a SAP Girona 26-10-2005, que aplica o artigo 1346.2 C.c. español e o artigo 68.1 Codi de familia catalán para decidir a consideración de privativos dos bens dunha herdanza, ao non acreditarse o Dereito estranxeiro; ou a SAP Madrid 23-11-2000, que, en ausencia de proba, aplica á selección de herdeiros de certos bens inmoables situados en España o Dereito español e non a lei americana da nacionalidade do causante.

Inapropiada por unha dobre razón.

Porque, en si mesma, esta resposta presenta serias dificultades de encaixe no sistema, xa que, por unha parte, o Dereito estranxeiro non se pode aplicar por falta de proba; e, por outra, tampouco debería poder aplicarse o Dereito español, tendo en conta que a norma de conflito, imperativa, reclama a aplicación dun Dereito estranxeiro (artigo 12.6.1 C.c.). Podería supor, á espera dun pronunciamento máis contundente por parte do TC, un posible vicio de inconstitucionalidade formal ao alterar por unha vía incorrecta as fontes do Dereito.

E, porque, ademais, detrás da atención á *lex fori* que ofrecen estas resolucións sobre sucesión internacional, atópase a asunción do sis-

tema clásico de tratamento procesual do Dereito estranxeiro por instancia de parte. Desbótase, con iso, a posibilidade de ir un pouco máis alá. E é que, en ausencia de proba do Dereito estranxeiro e coa intención de evitar a resposta habitual de aplicación subsidiaria da *lex fori* (tamén valería este argumento para a opción anterior de ‘desestimación’), o aconsellable podería ser, aínda entendendo como se entende na maioría destas sentenzas sobre sucesión internacional que é a parte interesada quen ten a carga de acreditar o teor e a natureza do Dereito estranxeiro, que sexa o propio xulgador o que tome a iniciativa a través dos medios que o lexislador dispón e traia o Dereito estranxeiro ao proceso, abra ás partes a posibilidade de debater sobre as súas normas e, posteriormente, cargue coas custas derivadas da súa investigación á parte que tiña o ‘deber’ de acreditarla. Ou, o que é o mesmo, considerar a posibilidade de entender como obriga do xuíz aquela de proceder á súa investigación de oficio e imporlle os custos á parte non dilixente. Algo que parece non ter en conta a STS 5-03-2002, que determina a «facultade, pero non a obriga (do xuíz), de colaborar na determinación do contido do Dereito estranxeiro»; ou a SAP Las Palmas 28-06-2004, xa que, aínda que coñece as facultades de investigación que lle proporciona a LAC, considera que estas «non poden suplir a absoluta omisión de alegación e proba da parte actora».

De novo, unha mostra da inseguridade que xera a ausencia de normativa expresa por parte do lexislador á hora de tratar con aspectos propios do Dereito internacional privado. Neste tema da ausencia de proba do Dereito estranxeiro (como en calquera outro) non é bo operar con base en respostas tan dispares que desconcertan tanto aos xuíces como aos xustizables, máis aínda cando ambas as dúas son cuestionables dende a óptica do sistema e do seu axuste constitucional. De novo os malos resultados dun pretendido ‘modelo aberto’ de aplicación procesual do Dereito estranxeiro e, de novo, a reivindicación dun ‘modelo único’ nesta materia que dote de previsibilidade a actuación dos participantes.



Javier Maseda Rodríguez
Profesor titular de Dereito internacional privado
USC



San Raimundo de Peñafort 2010

Un ano máis a avogacía de Compostela deuse cita para homenaxear o patrón da avogacía, San Raimundo de Peñafort. O pasado 22 de xaneiro o colexio de avogados compostelán levou a cabo diversos actos solemnes entre os que destacou a entrega do primeiro Premio de Dereitos Humanos.

O primeiro dos actos programados, ás 18:00 h do serán, acolleu a tradicional misa no Altar Maior da Catedral de Santiago en homenaxe ao patrón da avogacía e en lembranza dos avogados falecidos.

Ao redor das 19:00 h, no marco do Salón Nobre do Pazo de Fonseca, tivo lugar o acto de imposición das medallas de ouro do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. Este acto estivo presidido por, D. Evaristo Nogueira, decano do Colexio de Avogados de Santiago; D. Alfonso Rueda, conselleiro de Presidencia da Xunta de Galicia; D. X. Antonio Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago; D. Miguel Ángel Cadenas, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; D. Carlos Varela, fiscal superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e D.^a Soledad Sánchez, decana do Colexio de Procuradores de Santiago.

O decorrer solemne dos actos principiou coa entrega das medallas de ouro 2009 do colexio. Este insigne galardón premia todos os anos a traxectoria destacada dalgún profesional da avogacía e reconece, así mesmo, a valía doutros profesionais que gardan relación co mundo xurídico.

Nesta ocasión as medallas de ouro foron concedidas, por unha parte, ao conxunto dos profesionais que forman parte da quenda de oficio do colexio compostelán (no apartado de profesionais da avogacía) e, por outra, ao presidente da Audiencia Provincial da Coruña, José Luís Seoane Spiegelberg (no apartado de profesionais que non exercen a avogacía).

En representación da quenda de oficio colexial, recolleu o galardón Ramón Quintela Miramontes, membro da xunta de goberno e coordinador da Comisión da Quenda de Oficio do colexio compostelán. Quintela agradeceu a distinción en nome de todos os letrados da quenda de oficio e nas súas palabras aproveitou para referirse aos valores máximos que envolven este grupo profesional. Entre outros, destacou o seu firme compromiso co dereito de toda persoa de acceder á xustiza, con independencia da súa capacidade económica e, igualmente, recordou que “a quenda de oficio constitúe un garante do dereito constitucional á defensa, principio fundamental nun estado de dereito”.



O presidente da audiencia provincial, J. Luís Seoane, recibiu a distinción do colexio pola súa brillante carreira como xurista, en recoñecemento aos acertados e estudados fundamentos xurídicos das súas resolucións. De xeito particular, a xunta de goberno do colexio de avogados tamén valorou merecidamente a súa estreita relación co colexio compostelán durante os últimos anos.

Como novidade, este ano deuse a coñecer unha nova distinción do colexio de avogados, o Premio de Dereitos Humanos, que reconecerá anualmente aqueles actores sociais que destaquen na defensa dos valores e dos dereitos fundamentais das persoas.



O I Premio de Dereitos Humanos foi outorgado nesta primeira edición ao Seminario Galego de Educación para a Paz. O colexio de avogados quixo premiar deste xeito o compromiso e o traballo levados a cabo polo seminario na defensa dos dereitos humanos, sobre todo das persoas máis desfavorecidas e daquelas ás que constantemente lles son violados os seus dereitos. Recolleu o premio Manuel Dios Diz.



Despois de todas as mencións programadas, houbo aínda tempo para unha emotiva sorpresa. Con “premeditación”, o decano

compostelán gardaba para o final unha sentida homenaxe de despedida e recoñecemento para o seu homólogo do colexio de avogados herculino, Jesús Varela Fraga, quen logo dunha dilatada traxectoria á fronte da avogacía coruñesa abandona o seu cargo.



No peche destes actos trece novos letrados e letradas ratificaron publicamente o seu acatamento á lei e ao código deontolóxico. As persoas que cumpriron co tradicional acto, que marca o inicio da andanza profesional, foron as seguintes: Carmen Torreiro Santos, Cristina Montenegro Quinta, Juan Jesús Sánchez García, María Belén Diéguez González, María del Pilar Sánchez Fernández, María Inés Otero Rodríguez, María Isabel Alvite Caamaño, María José Gutiérrez Vázquez, María Teijo Figueiras, María Villaverde Alfonso, Noelia Ferreiro Sesar, Paula Galván Carballo e Reyes Rubio Señorán.

Tras este acto tivo lugar unha pequena recepción no propio Pazo de Fonseca onde as persoas asistentes puideron degustar de xeito ameno uns petiscos.

Xa pola noite, e como vén sendo habitual, a xornada rematou cunha cea-baile no hotel santiagués Porta do Camiño.





Visita institucional do conselleiro de Presidencia ao Colexio de Avogados

O pasado 01.12.2009 o decano, Evaristo Nogueira Pol, e os membros da xunta de goberno do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela recibiron o conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda Valenzuela, quen acudiu acompañado do director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez. A xuntanza serviu para abordar diversos temas de interese para a avogacía como a situación da quenda de oficio ou a creación de novas infraestruturas xudiciais.

O conselleiro destacou o especial esforzo que está levando a cabo o Goberno galego en materia de asistencia xurídica gratuíta e para dignificar a quenda de oficio. Neste sentido destacou a aprobación de case 700.000 euros para aboar os gastos da infraestrutura administrativa dos colexios de avogados e de procuradores galegos dedicada á prestación de servizos de xustiza gratuíta. Sobre a quenda de oficio recordou o investimento de preto de dez millóns de euros destinados a sufragar o labor dos avogados e dos procuradores da quenda de oficio durante o 2009.

Na mesma liña de apostar pola quenda de oficio, o conselleiro explicou que se está a negociar cos avogados uns novos baremos para os vindeiros anos, unha cuestión na que tamén incidiu o decano

dos avogados composteláns, quen agradeceu ao Goberno galego o seu compromiso coa asistencia xurídica gratuíta e co feito de que axilizase os pagamentos da quenda de oficio.



Evaristo Nogueira tamén aproveitou e pediu a colaboración institucional para o acto da Peregrinación da Toga, que terá lugar en xuño do vindeiro ano con motivo do Xacobeo 2010 e que representa a única ocasión en que o Consello da Avogacía Española realiza un pleno fóra de Madrid. O conselleiro agradeceu as invitacións e manifestou a disposición do Goberno galego a colaborar con ambos os acontecementos.



Circulares informativas 2009

Circular 01/2010

- / Festividade de San Raimundo de Peñafort (22/01/2010)
- / Xornada “As modificacións introducidas pola Lei 19/2009, do 23 de novembro, de medidas de fomento e axilización procesual do alugamento”

Circular 02/2010

- / Adaptación dos Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do ICA de Santiago á Lei 25/2009, do 22 de decembro

- / Adaptación das cotas de incorporación á Lei 25/2009, do 22 de decembro

Circular 03/2010

- / Acordo de colaboración coa editorial Tirant lo Blanch: cursos de formación
- / Curso de linguaxe xurídica galega (nivel medio)

Circular 04/2010

- / Honorarios profesionais
- / Implantación do SIGA (Sistema integral de xestión da avogacía)

As circulares informativas dende o 01-01-07 remítense aos colexiados só vía correo electrónico. Aqueles colexiados que aínda non estean dados de alta neste servizo, poderán solicitalo remitindo un escrito á secretaría técnica deste colexio no que indiquen un enderezo de correo electrónico e a súa autorización para remitirle este tipo de información (circulares informativas, novidades lexislativas, etc...)



Novidades lexislativas

- Resolución do 31 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se dá publicidade ás contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que resultarán de aplicar durante 2010 o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación. (BOE núm. 31 do 05/02/2010)
- Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. (Lei omnibus) (BOE núm. 308 do 23/12/2009)
- Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, de reforma da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. (BOE núm. 299 do 12/12/2009)
- Lei 19/2009, do 23 de novembro, de medidas de fomento e axilización procesual do alugueiro e da eficiencia enerxética dos edificios. (BOE núm. 283 do 24/11/2009)
- Lei 18/2009, do 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, en materia sancionadora. (BOE núm. 283 do 24/11/2009)
- Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. (BOE núm. 283 do 24/11/2009)
- Orde JUS/3000/2009, do 29 de outubro, pola que se crea e regula o rexistro electrónico do Ministerio de Xustiza. (BOE núm. 271 do 10/11/2009)
- Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova Oficina xudicial. (BOE núm. 266 do 04/11/2009)
- Lei orgánica 1/2009, do 3 de novembro, complementaria da Lei de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova Oficina xudicial, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. (BOE núm. 266 do 04/11/2009)

Formación



O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela desenvolveu unha xornada formativa baixo o título “**As modificacións introducidas pola Lei 19/2009, do 23 de novembro, de medidas de fomento e axilización procesual do alugamento**”. Esta xornada levouse a cabo o 4 de febreiro e contou cos relatorios dos avogados Alejandro Fuentes-Lojo Lastres e Antonio Menacho de Sola-Morales.



O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a través do seu servizo de asesoramento lingüístico, levou a cabo un seminario denominado “**Superación de interferencias gramaticais e léxicas no galego xurídico**”. O seminario realizouse durante os días 14, 15, 16 e 17 de decembro e, ao seu remate, os letrados e letradas asistentes recibiron un certificado de asistencia expedido polo colexio de avogados e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Acordos da Xunta Xeral (28/01/2010)

Na xunta xeral do día 28/01/2010 tomáronse, entre outros, os seguintes acordos:

1. Adaptación dos *Criterios Orientadores e Custos de Referencia das Actuacións Profesionais do ICA de Santiago* á Lei 25/2009, do 22 de decembro

Os novos *Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago*, aprobados pola Xunta xeral ordinaria do día 22/12/2008, establecían no seu título preliminar o seguinte:

“A aplicación dos presentes criterios, respectando a normativa vixente en materia de libre competencia, servirá especialmente de guía sempre que se solicite o parecer deste colexio de avogados, nos seguintes supostos:

- Cando non exista pacto ou orzamento escrito respecto da cuantificación dos honorarios e estes sexan obxecto de discusión entre avogados ou entre avogado e cliente.
- Cando a minuta pretendida polo avogado/a sexa obxecto de impugnación ante calquera órgano xudicial, xa sexa nun procedemento específico de reclamación ou repercusión de honorarios (xura de contas ou taxación de custas), xa sexa en calquera outro procedemento.
- Cando, de acordo coa normativa vixente en materia de asistencia xurídica gratuíta, o letrado/a teña dereito ao reintegro económico dos seus honorarios.”

O día 23/12/2009 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Esta lei, no seu artigo 5 do capítulo III, modifica a Lei de colexios profesionais e, en relación cos honorarios profesionais, establece o seguinte:

“Artigo 14. Prohibición de recomendacións sobre honorarios.

Os colexios profesionais e as súas organizacións colexiais non poderán establecer baremos orientadores nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre honorarios profesionais, salvo o establecido na disposición adicional cuarta.”

“Disposición adicional cuarta.

Valoración dos colexios para a taxación de custas.

Os colexios poderán elaborar criterios orientadores para os exclusivos efectos da taxación de custas e de xura de contas dos avogados. Os ditos criterios serán igualmente válidos para o cálculo dos honorarios e dereitos que correspondan para os efectos de taxación de custas na asistencia xurídica gratuíta.”

Para dar cumprimento ao establecido na dita lei, acórdase o seguinte:

- A partir do día 28/01/2010 os *Criterios orientadores e custos de referencia das actuacións profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago* pasarán a denominarse “*Criterios sobre honorarios profesionais do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para taxación de custas e xura de contas*”.

- Os devanditos criterios aplicaranse para os efectos exclusivos de taxación de custas, de xura de contas e para o cálculo de honorarios que correspondan da taxación de custas na asistencia xurídica gratuíta.

- Nos demais supostos, o letrado/a terá dereito a convir libremente a contía dos seus honorarios con quen solicite os seus servizos.

- Derrogar expresamente dos devanditos criterios os seguintes contidos:

- No acordo da xunta xeral do 22/12/2008 e no título “Finalidade orientadora e de referencia”, o seu apartado a).
- No título preliminar, capítulo I, a súa última frase: “así coma en calquera outro ditame ou opinión corporativa sobre honorarios a falta de pacto ou de acordo escrito entre partes”.
- No título preliminar, capítulo II (“Principios básicos”), o seu apartado b) “Aplicación supletoria”.

2. Adaptación das cotas de incorporación á Lei 25/2009, do 22 de decembro

A Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio modifica, no artigo 5 do capítulo III, a Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais. No referido á colexiación e ás cotas de inscrición, modifícase o artigo 3, que queda redactado como segue:

“Artigo 3. Colexiación

[...] a cota de inscrición ou colexiación non poderá superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición.”

Para dar cumprimento ao establecido na dita norma, a Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Avogados acordou contratar ao economista Regino Gómez Villalobos un informe de cales serían os custos asociados á tramitación das novas incorporacións para o ano 2010.

Logo de ver o informe elaborado polo economista, Sr. Gómez Villalobos, no que se teñen en conta os custos directos do servizo e os custos de estrutura do ano 2009 de acordo co balance de perdas e ganancias (31/12/2009) e o número de incorporacións (segundo a media dos últimos cinco anos) e, en cumprimento do establecido na Lei 25/2009, do 22 de decembro, acórdase:

- Fixar as cotas de incorporación para o ano 2010 do seguinte xeito:

Colexiados/as exercentes: 960,52 + IVE

Colexiados/as non exercentes: 576,32 + IVE

- Para próximos exercicios as cotas de incorporación serán fixadas nos correspondentes orzamentos e teranse en conta o incremento ou diminución dos custos asociados e o número de altas do exercicio anterior.

O colexio de avogados compostelán segue apostando polas novas tecnoloxías

Na actualidade todos os colexios de avogados de España forman parte da autoridade de certificación da abogacía. Neste momento distribuíuse un total de 101.124 carnés colexiais electrónicos.

No caso particular do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, un 60,4% dos profesionais colexiados dispoñen xa de certificado dixital, ocupando así o segundo lugar no ránking autonómico por volume de emisión de certificados.

Colegio	% certificados emitidos
ICA Ourense	65,2%
ICA Santiago de Compostela	60,4%
ICA Ferrol	39,6%
ICA Pontevedra	35,5%
ICA Vigo	33,0%
ICA A Coruña	30,7%
ICA Lugo	29,3%
Media Galicia	39,0%
Media nacional	66,3%

Posiblemente o uso máis estendido do certificado dixital sexa a sinatura electrónica, pero, de xeito particular, os avogados e avogadas tamén dispoñen dunha extranet de servizos para a avogacía, denominada Redabogacia, cuxa tendencia de uso se vai incrementando dende a súa posta en marcha en xuño do 2004. A media de visitas entre os colexiados con carné electrónico deste colexio incrementase aproximadamente un 50% anualmente.

Este incremento débese en boa parte á maior oferta de servizos dispoñibles para os colexiados na zona privada que o colexio santiagués posúe dentro de Redabogacia.

Servizos dispoñibles
Backup
Buromail
Campus virtual
Censo de letrados
Comunicación de intervención profesional
Iuris et Legis
LexNet
e-Mensaxes
Oficina do catastro
Oficina virtual de correos
Oficina virtual de rexistradores
Pases de prisión

Amais destes servizos, existen outros como por exemplo o SIGA (*Sistema integral de gestión de la abogacía*), que se presenta como una ferramenta de xestión de todos os procesos de traballo cotiáns nos colexios: bases de datos colexiais, censo, facturación de servizos, xestión da quenda de oficio, emisión de expedientes, envío de comunicacións, etc.

Actualmente máis dun 50% de colexios xa emprega o SIGA en todo o Estado e, ata o de agora, o seu uso foi inédito en Galicia. O colexio compostelán será o primeiro.

Implantación do SIGA no ICA de Santiago

A Xunta de Goberno do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela acordou implantar o SIGA na sesión do 2 de marzo de 2010 e pasa deste xeito a ser o primeiro colexio de Galicia en adquirir este sistema de xestión.

A posta en marcha deste novo programa permitirá centralizar todos os trámites burocráticos e administrativos do colexio. Os profesionais colexiados poderán acceder dende o seu despacho a través do carné colexial con sinatura dixital e realizar todas as xestións habituais co colexio sen necesidade de desprazarse. Entre outras, poderán actualizar os datos persoais e profesionais, consultar a facturación, tramitar certificados ou pases de prisión, etc. Ademais, os profesionais da quenda de oficio terán acceso aos expedientes de xustiza gratuíta, os días de garda, as quendas asignadas xunto co seu pagamento e facturación e mesmo poderán presentar de maneira telemática as declaracións trimestrais.

O SIGA tamén cumpre coas necesidades esixidas pola nova normativa sobre accesibilidade a través do “portelo único”.

A implantación deste novo sistema realizarase en dúas fases:

- Fase 1: implantación do paquete básico (para a xestión interna do colexio)
- Fase 2: implantación do modelo da quenda de oficio

O prazo para a posta en marcha será de tres ou catro meses. Unha vez en funcionamento, desenvolveranse xornadas prácticas para todos os colexiados interesados.

A omisión da conxunción “que” e do artigo na linguaxe xurídica



Na linguaxe xurídica é frecuente atoparmos construcións en que o verbo e o complemento aparecen unidos sen a conxunción “que”. Isto acontece polo xeral cando se trata de verbos de petición ou de vontade que introducen unha frase subordinada.

*Solicito admita esta demanda
Solicito **que** admita esta demanda

*Agardo teña en conta o testemuño do meu cliente
Agardo **que** teña en conta o testemuño do meu cliente

Este uso hoxe estendido nos textos administrativos e xurídicos, lonxe de semellar un trazo ligado á tecnicidade propia dunha linguaxe de especialización, amosa un empobrecemento da súa gramaticalidade. As regras morfolóxicas do idioma describen a necesidade de usar conxuncións para introducir frases subordinadas de acordo co grao de acomodación da formalidade lingüística e en beneficio da eficacia comunicativa.

Comprobamos que noutros contextos comunicativos máis comúns sería impensable prescindir desta conxunción en construcións análogas:

*Pídlle teña coidado ao volante
Pídlle **que** teña coidado ao volante

*Agardo teñas sorte nesta nova etapa
Agardo **que** teñas sorte nesta nova etapa

Outra anomalía no uso da linguaxe xurídica caracterízase pola supresión inustificada do artigo que antecede os nomes. Esta particularidade, aínda que poida pasar desapercibida polo costume, debe ser rexeitada xa que o artigo é unha peza gramatical necesaria, altamente acomodada no uso lingüístico.

*O xulgado enviou oficio para designar avogado de oficio
O xulgado enviou **un/o** oficio para designar **un/o** avogado de oficio

*A parte demandante deberá presentar escrito acompañado de copia literal
A parte demandante deberá presentar **o** escrito acompañado **da** copia literal

*O colexio de avogados acordou incoar dilixencias previas
O colexio de avogados acordou incoar **as** dilixencias previas

*O xulgado notificou resolución pronunciada en data 21/03/2009
O xulgado notificou **a** resolución pronunciada **o** día 23/03/2009

Non obstante, a perda do artigo considérase admisible nunha serie de sintagmas fixados no uso: *tomar declaración, cumprir condena, formular demanda, pronunciar sentenza, efectuar dilixencias, en representación de, en calidade de, de conformidade con, xustificante de recepción, xuízo de faltas, taxación de custas, quenda de oficio, violación de morada, danos e perdas* etc.



Martín Ramos Insua

Servizo de Asesoramento Lingüístico ICA Santiago

Se falas galego, por que non o es

Reflexión sobre os usos lingüísticos


Son moitas as persoas que recoñecen que cando na súa vida, tanto persoal coma profesional, se atopan cun interlocutor que fala en galego, contéstanlle en galego. É unha mágoa que non poidamos afirmar o mesmo do galego na escrita. Se falas galego, por que non o escribes?

O emprego do galego na escrita xurídica é unha forma encomiable de apoiar a nosa lingua, unha lingua propia que reforza a nosa identidade e que axuda a promover os valores culturais e patrimoniais de Galicia, que contribúe a manter as tradicións e a riqueza da nosa terra. Se os profesionais do dereito, acostumados a defender os intereses duns e doutros, non nos decidimos, quen o vai facer? Como profesionais do dereito, tanto se os intereses que defendemos son públicos coma privados, debemos comezar por defender e apoiar o noso, o galego, é de xustiza.

Un xeito doado de contribuírmos a superar a desigualdade¹ na práctica escrita é realizar as nosas demandas, instancias, informes, ditames ou calquera outro escrito de contido xurídico en lingua galega, coa mesma espontaneidade amosada co castelán, en congruencia co uso lingüístico clientelar. Presentarmos os nosos escritos de contido xurídico en galego é un reto que a avogacía galega pode afrontar sen medo e con decisión.

Malia certas inercias que seguen sen privilexiar o seu uso, lonxe quedan vellos prexuízos ou ataduras sobre as dificultades de redactar nesta lingua. Na actualidade posuímos abondosos recursos e ferramentas que facilitan esta tarefa -cada vez máis-, como poden ser a elaboración de formularios en galego, documentación variada sobre redacción e estilo na linguaxe xurídica ou glosarios e dicionarios específicos sobre a terminoloxía xurídica. Ademais, todas estas ferramentas están dispoñibles na internet e podemos acceder a elas de modo sinxelo. De especial interese é a aposta por introducir pouco a pouco a formación lingüística no currículo formativo da nosa profesión. O Servizo de Asesoramento Lingüístico do colexio de avogados desenvolveu nos últimos anos un importante labor neste sentido ao programar diversos cursos e seminarios de capacitación lingüística, con atención especial á tecnicidade propia do galego xurídico. O mesmo ocorre coa Escola de Práctica Xurídica de Compostela, que conta dende hai anos cunha materia específica sobre linguaxe xurídica galega. O camiño está aberto, cumpriríase reforzalo.


Lingua habitual en Galicia (2008)



Dende a experiencia, co emprego dos formularios en galego podemos decatarnos á vez das vantaxes que ten escribir en galego. O seu modelo de lingua adoita estar actualizado, achégase máis á realidade, aos nosos tempos, non caen en expresións baleiras de contido, nin empregan termos que están completamente obsoletos² e que, con frecuencia, mesmo nos afastan máis das persoas a quen atendemos ou defendemos. Por outra parte, a falta de costume no momento de redactar os documentos xurídicos na nosa lingua e o tempo que debemos dedicarlle pódennos servir para evitar caer nalgúns dos vicios lingüísticos aos que, por inercia, estamos afeitos cando escribimos en castelán. Moitos destes desaxustes lingüísticos

scribes?

s da avogacía galega



Fonte: IGE

conviven inconscientemente na normalidade dos nosos escritos, malia seren incorrectos gramaticalmente. Non nos fixamos neles ou non queremos reparar no modo de superalos. Algúns deles teñen ademais fácil remedio e abundaría, por exemplo, con reducir o abuso de xerundios e participios ou evitar as oracións subordinadas que nunca rematan –ou que cando o fan xa non lembramos como comezaban–.

En resumo, podemos sentirnos máis libres escribindo en galego, porque non todo está escrito, porque podemos ser os protagonistas de darlle vida a unha tradición xurídica en galego adurmiñada demasiado tempo, porque merecemos sentirnos orgullosos de posuír unha lingua de dereito ben considerada e respectada. E, sobre todo, podemos escribir en galego, aínda que nos custe, porque os nosos clientes cando entran nos nosos despachos cóntannos os seus problemas en galego, sofren e padecen situacións en galego e, por respecto a eles, debemos resolvérllelos en galego. A defensa dos nosos clientes e a dos seus intereses conflúe co emprego da lingua que eles comprenden, a lingua na que eles pensan.

Eu escribo en galego, como dicía Celso Emilio Ferreiro nun dos seus poemas, «*porque me gusta / e quero estar cos meus, coa xente miña, / perto dos homes bos que sofren longo / unha historia contada noutra lingoa*».



Noela Rodríguez Legazpi
Colexiada 2072 do ICA Santiago

¹ Por exemplo, segundo datos extraídos do *Libro Branco da Xustiza*, publicado pola Xunta de Galicia a primeiros do 2009, só o 3,5% das sentenzas pronunciadas en Galicia foron redactadas en galego.

² Especialmente, certos barroquismos léxicos e sintácticos, frases feitas e algunhas expresións de submisión e súplica que tanto se empregan no mundo xurídico.

Acordo de colaboración coa editorial “La Ley-Grupo Wolters Kluwer”

A EDITORIAL LA LEY-GRUPO WOLTERS KLUWER, en virtude do acordo de colaboración subscrito co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, cedeu gratuitamente para a biblioteca as seguintes obras:



Guía del comportamiento en las actuaciones judiciales:

Autor: Purificación Pujol Capilla

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 312



La regulación nuclear globalizada:

Autor: Antonio Morales Plaza

Ano: 2009

Edita: LA LEY

Páxinas: 664



El registro mercantil en España:

Colección: Temas La Ley

Autor: José Francisco Arribas Álvarez

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 412



Manual de derecho concursal:

Autor: Edorta J. Etxarandio Herrera

Edita: La Ley

Ano: 2009

Páxinas: 1122



Claves para afrontar la crisis inmobiliaria:

Autor: José Ignacio Navas Olóriz

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 464



Los contratos de servicio:

Autor: Carmen Villanueva Lupión

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 748



Manual de derecho privado de consumo:

Autor: María José Reyes López

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 536



El contrato de renta vitalicia:

Autor: Estrella Toral Lara

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 590



Las modificaciones sustanciales del contrato de trabajo:

Autor: Antonio Llorente Rivas

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 752



El fondo de garantía salarial:

Autor: Remedios Roqueta Buj

Edita: LA LEY

Ano: 2009

Páxinas: 480

Opinan de Nós

Nesta sección a cidadanía compostelá ofrece o seu punto de vista sobre certos aspectos da avogacía como profesión.



Emilio Santasmarinas Raposo

Xerente de Sancosa (Pedras de Santiago)

Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Sendo Santiago de Compostela unha das cinco cidades máis importantes de Galicia, e a única con universidade ata que a finais dos anos 80 intereses políticos conseguiron que dende o concello e reitorado non se opuxesen á súa segregación, considero que Santiago foi e segue sendo berce de grandes avogados cun alto grao de formación. Grandes xuristas, como Eugenio Montero Ríos, Manuel Iglesias Corral, Florentino Vidal Fuentes, Gonzalo Rodríguez Mourullo, ou os irmáns Domínguez Noya e os Nogueira Romero e moitos outros excelentes avogados estudaron, formáronse e exerceron ou exercen nesta cidade. Esta fama leva consigo e obriga a que o nivel sexa moi alto, o que lle dá a este colectivo, saído da nosa universidade, un gran prestixio.

Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

Existen situacións en que polos posicionamentos e as decisións que hai que adoptar, pola súa importancia, un non debe dubidar na elección dun bo profesional, porque un mal consello ou unha mala formulación dun preito adoita levar a sentenzas adversas, e nesas inxustizas, ademais de diñeiro, xogas a saúde. Persoalmente, teño a enorme sorte de contar entre os meus grandes amigos con moi bos avogados

e o servizo que prestan é de calidade. En Santiago contamos cun colectivo de alto nivel, que crece cada día para poder satisfacer a demanda letrada da zona centro da nosa Galicia e ademais ocupar postos importantes na xudicatura, fiscalía, notaría, ensino, Administración e no mundo da empresa, sendo tamén unha referencia clave na política municipal, autonómica e estatal.

Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

Como bos profesionais que son, os consellos danos eles, exercendo de asesores, de confesores, de amigos, e todo iso fai que sexa, posiblemente, o colectivo que máis está cos pés no chan, é dicir, na realidade social.

Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

Como xa comentei anteriormente, a sociedade necesita de bos xuristas, que te aconsellen, asesoren e, se é necesario, que te defendan dos erros que cometes, ou ante terceiros que, por ignorancia ou con intencionalidade, poidan prexudicarte económica ou sentimentalmente no plano persoal, laboral ou empresarial. Por todo o dito, afirmo que ademais de útil, o seu labor é imprescindible.

Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

É recoñecido, comprendido e engadiría que moi valorado socialmente pois algunha consulta, certas sentenzas, ou un bo preito teñen unha resonancia e unha propagación na sociedade que fan que certos letrados sexan nomeados e se fale deles moi positivamente nos faladoiros e reunións sociais.



María Elena Fernández Currás

Maxistrada xuíza
Xulgado do Penal núm. 2 de Santiago de Compostela

Considera os letrados/as composteláns ben formados profesionalmente?

Si. A Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela sempre gozou dun alto prestixio na formación teórica de xuristas e, actualmente, engádese a esa formación teórica a práctica xurídica que lles facilita aos alumnos unha asimilación e diferenciación de conceptos básicos e un contacto co trámite procesual que os fai estar moito mellor preparados do que estabamos na miña época. Despois, a formación que cada un vaia adquirindo no exercicio profesional depende das súas propias posibilidades, inquietudes e interese.

Cre que cando acode a un avogado ou avogada recibe un servizo de calidade?

Supoño que si, que calquera avogado que recibe por primeira vez un cliente pon á súa disposición todos os seus coñecementos para a solución do conflito que lle formula e infórmao das probabilidades de éxito da súa pretensión e dos trámites procesuais pertinentes; que a devandita información sexa captada ou non polo cliente depende, en moitos casos, do propio interese deste en que o conflito se resolucione pois non pode esquecer que hai ámbitos xurídicos, como acontece coa xurisdición penal, en que o cliente do avogado defensor ten un nulo interese na finalización do procedemento e, malia iso, resulta admirable a dedicación e preocupación que algúns profesionais, especialmente os da quenda de oficio, demostran para defendelos e obter a resolución máis favorable posible.

Que consellos lles daría aos letrados/as para mellorar a súa percepción pola cidadanía?

É difícil que a cidadanía en xeral teña unha percepción positiva de algo que non entende e que obtén de comentarios, moitas veces interesados ou parciais, de terceiros directa ou indirectamente relacionados coa Administración de Xustiza. No caso dos seus concretos clientes, aconsellaríalles que lles expliquen de forma que lles sexa comprensible en función do seu nivel cultural, sobre todo, os trámites procesuais e o contido das decisións xudiciais e que estean en todo momento pendentes do procedemento esgotando en cada trámite todas as súas posibilidades de ataque ou defensa.

Pensa que o labor da avogacía é útil para a sociedade? Por que?

Non só é útil senón que é totalmente necesario o labor do avogado de transformar nunha cuestión xurídica o problema real que lle formulan, de buscar unha solución ao problema favorable ao interese do seu cliente e, para o caso de que a solución proceda dun terceiro, de solicitar as probas útiles en defensa dese interese e propoñelas no momento que proceda atacando, á vez, en termos xurídicos aquelas que lle poidan resultar prexudiciais, o cal esixe unha formación específica e cualificada que nunca podería suplirse pola actuación directa do interesado.

Cre que o labor de defensa e asesoramento dos avogados/as é recoñecido e mesmo comprendido suficientemente pola sociedade?

Creo que o seu labor, ao igual que nos acontece aos xuíces, é mellor comprendido e recoñecido polo particular que tivo un contacto directo co avogado por algún asunto xurídico que pola cidadanía en xeral que moitas veces se deixa influír por comentarios de terceiros que, como digo, non sempre son o técnicos e imparciais que sería desexable e, mesmo, no caso particular creo que a opinión que o cliente teña do seu avogado inevitablemente vai depender moito de que o resultado da súa actuación fose favorable ou desfavorable aos seus intereses o cal, en moitos casos, é alleo á corrección formal e material da actuación profesional do avogado.



Peregrinación da Toga 2010

3 e 4 de xuño de 2010 • Santiago de Compostela



Programa

Xoves 3 de xuño

- 17.00 - 20.00 h Reunión Comisión Permanente do Consello Xeral da Avogacía Española (CXAE) (sede do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, rúa de Eduardo Pondal, 4)
- 18.00 - 20.00 h Reunión da Confederación de Avogados Novos de España (sede do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, rúa de Eduardo Pondal, 4)
- 22.00 h Cea ofrecida pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados aos membros da Comisión Permanente do CXAE e á Xunta de Goberno da Mutualidade

Venres 4 de xuño

- 10.00 h Imposición da Medalla ao Mérito da Avogacía a D. Jesús Palmou Lorenzo
Pleno do CXAE con intervención inicial do Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia (Salón Nobre do Pazo de Fonseca, praza de Fonseca, 2)
- 14.00 h Recepción no Excmo. Concello de Santiago de Compostela
- 14.30 h Xantar libre
- 16.00 h Concentración na praza de Praterías para dirixirse en peregrinación cara á catedral (con toga)
- 16.30 h Misa do Peregrino na SMI Catedral de Santiago
Ofrenda ao apóstolo por parte do presidente do CXAE
- 18.30 h Xunta de Goberno da Mutualidade (sede do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago, rúa de Eduardo Pondal, 4)
- 22.00 h Cea de gala ofrecida polo CXAE e o Ilustre Colexio de Avogados (Hostal dos Reis Católicos, praza do Obradoiro)

Programa acompañantes

Venres 4 de xuño

- 10.00 h Visita guiada pola zona histórica
- 14.00 h Recepción no Excmo. Concello de Santiago de Compostela
- 16.30 h Misa do Peregrino na SMI Catedral de Santiago
Ofrenda ao apóstolo por parte do presidente do CXAE
- 22.00 h Cea de gala ofrecida polo CXAE e o Ilustre Colexio de Avogados (Hostal dos Reis Católicos, praza do Obradoiro)

Organiza



Ilustre Colexio de Avogados
Santiago de Compostela



Consejo General
de la Abogacía Española

Patrocina



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA



XACOBEO 2010
Galicia



Consello
da Avogacía Galega



MUTUALIDAD DE LA
ABOGACIA

INFORMACIÓN XERAL COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO

Tfno.: 981 581 713 / 560 543

Fax: 981 581 132

Correo: icas@icasantiago.org

INSCRICIÓNS E RESERVAS DE ALOXAMENTO GALICIA INCOMING - Viaxes Viloria

Tfno. : (+34) 981 568 521 / 902 190 160

Fax: (+34) 981 576 951

Correo: info@galiciaincoming.com

GALICIA INCOMING - Viaxes Viloria

Rúa Cardeal Payá, 1-3, 2ª esq.

Santiago de Compostela (A Coruña)

Tfno.: (+34) 981 568 521 / 902 190 160

Fax: +34 981 576 951

Correo: info@galiciaincoming.com

www.GaliciaIncoming.com

Asegura sus sueños

25
años



Ser abogada

20
años



Viaje fin de curso

15
años



Clases de inglés

10
años



Ordenador

5
años



Bicicleta



Haz mutualista a los más jóvenes de la familia.

Abre un **plan JUNIOR** y conseguirás hacer realidad sus sueños

- Rentabiliza al máximo sus ahorros
- Un Plan a medida de los más jóvenes
- Ahorro y protección en un sólo Plan
- Con la solvencia de la Mutualidad

Infórmate en el **902 25 50 50** o entra en www.mutualidadabogacia.com